



Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 10 de agosto de 2018**

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D. Angel Rivas González.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a. Olga Alonso Suárez

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e vinte minutos do día dez de agosto de dous mil dezaoto e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e a interventora adxunta, Sra. Alonso Suárez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(863).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(864).- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A UTILIZACIÓN DO BONO-TAXI 2018. EXPTE. 151167/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 06/08/18, dáse conta do informe-proposta do 11/07/18, asinado pola técnica responsable do Programa-diplomada Traballos Sociais, conformado pola xefa do servizo de Benestar Social, polo asesor xurídico adxunto, polo xefe de Área, e pola concelleira-delegada de Política Social, que di o seguinte.

Tramitado o correspondente expediente de convocatoria de subvencións en réxime de avaliación individualizada destinadas a proporcionar, mediante a utilización de bono-

taxi, un medio alternativo de transporte adaptado a persoas afectadas por graves discapacidades na súa mobilidade, resultan os seguintes feitos:

Primeiro.- Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 22 de marzo de 2018 (corrección de erros 05 de maio 2018) (BOP núm 71 do 02/04/2018 e o extracto da convocatoria BOP núm 84 do 2/05/2018), convócanse subvencións en réxime de avaliación individualizada destinadas a proporcionar, mediante a utilización de bono-taxi, un medio alternativo de transporte adaptado a persoas afectadas por graves discapacidades na súa mobilidade.

A base 6ª apartado-f establece que os recursos económicos teranse en conta para establecer a lista de concesión do bono-taxi, que será por orde inversa á contía mensual da persoa solicitante.

Segundo.- Presentáronse 143 solicitudes e, como resultado da súa valoración, 120 cumpren os requisitos da convocatoria, ordenándose por ingresos, de menor a maior.

O orzamento da convocatoria non é suficiente, polo que propóñense para a concesión da axuda ás 84 primeiras persoas do listado e 36 para a lista de agarda. Por último, propóñense para desestimación 23 por non cumprir os requisitos da convocatoria.

Está en poder da concellería de Política Social a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos dos 84 solicitantes da lista de concesión e dos 36 da lista de agarda.

Terceiro.- Que existe crédito adecuado e suficiente, na aplicación orzamentaria 2310.480.00.11, "Subvención taxis discapacitados ", no vixente orzamento de gastos de Política Social, por un total de 25.000,00 euros, número de documento contable RC-201800026334 para a concesión das axudas do Anexo I.

Polo exposto, proponse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Conceder as subvencións do bono-taxi ás 84 persoas que reúnen os requisitos necesarios para obter a condición de usuario de bono-taxi. Achéganse no Anexo I que comenza por "54508532G" cunha renda per cápita mensual de 0,00€ e finaliza por "35955404X" cunha renda per cápita mensual de 761,83€, por cumprir os requisitos estipulados na base 6ª da convocatoria e existir orzamento para a concesión.

As subvencións pagaranse con cargo á aplicación orzamentaria 2310.480.00.11, "Subvención taxis discapacitados" por importe de 24.900,00 euros, segundo documento RC-201800026334.

A contía máxima por beneficiario será de 300,00€ e mínimo 100,00€, podendo ser utilizada ata que sexa aprobada a seguinte convocatoria destas subvencións no ano 2019.

| | |
|--------------------------------|---------------------------------|
| Capacidade económica usuario : | Importe da subvención bono-taxi |
|--------------------------------|---------------------------------|



Concello de Vigo

| | |
|-----------------------------|----------|
| Entre 0 e 750,00€ | 300,00 € |
| Entre 751,00€ e 1.000,00€ | 200,00 € |
| Entre 1.001,00€ e 1.344,60€ | 100,00 € |

ANEXO I- Proposta de concesión ano 2018

ANEXO I – CONCEDIDAS

| Nº ORDE | NIF | Renta per capita/mes (bruto) | SUBVENCION |
|---------|-----------|------------------------------|------------|
| 1 | 54508532G | 0,00 € | 300,00 € |
| 2 | 39463436J | 83,33 € | 300,00 € |
| 3 | 35636157A | 83,33 € | 300,00 € |
| 4 | 35636158G | 83,33 € | 300,00 € |
| 5 | 39513620B | 83,33 € | 300,00 € |
| 6 | 39488666N | 133,66 € | 300,00 € |
| 7 | 54469735P | 148,38 € | 300,00 € |
| 8 | 39498115P | 156,08 € | 300,00 € |
| 9 | 02519132B | 261,20 € | 300,00 € |
| 10 | 34274326W | 275,95 € | 300,00 € |
| 11 | 41396512P | 352,73 € | 300,00 € |
| 12 | 34519357Z | 365,33 € | 300,00 € |
| 13 | 36157627V | 367,90 € | 300,00 € |
| 14 | 53180631P | 367,90 € | 300,00 € |
| 15 | X2828032K | 382,01 € | 300,00 € |
| 16 | 32670803Q | 384,79 € | 300,00 € |
| 17 | 35789431M | 388,96 € | 300,00 € |
| 18 | 53187930Q | 424,82 € | 300,00 € |
| 19 | 35975788Q | 429,22 € | 300,00 € |
| 20 | 53190760V | 446,38 € | 300,00 € |
| 21 | 36061489L | 446,38 € | 300,00 € |
| 22 | 36073841C | 446,47 € | 300,00 € |

| | | | |
|----|-----------|----------|----------|
| 23 | 36045959Z | 490,13 € | 300,00 € |
| 24 | 35845637E | 494,69 € | 300,00 € |
| 25 | 36114560Y | 495,04 € | 300,00 € |
| 26 | 36082650C | 495,90 € | 300,00 € |
| 27 | 35569336C | 496,64 € | 300,00 € |
| 28 | 33154481G | 520,09 € | 300,00 € |
| 29 | 53817084M | 551,90 € | 300,00 € |
| 30 | 36121195V | 551,90 € | 300,00 € |
| 31 | 36172941J | 551,90 € | 300,00 € |
| 32 | 36090921B | 551,90 € | 300,00 € |
| 33 | 36070723F | 551,90 € | 300,00 € |
| 34 | 34233512J | 566,65 € | 300,00 € |
| 35 | 36043816X | 568,27 € | 300,00 € |
| 36 | 34615030F | 569,28 € | 300,00 € |
| 37 | 35793995S | 579,06 € | 300,00 € |
| 38 | 36067947Z | 594,58 € | 300,00 € |
| 39 | 35955960Z | 599,91 € | 300,00 € |
| 40 | 35907033P | 599,96 € | 300,00 € |
| 41 | 35898682Y | 603,26 € | 300,00 € |
| 42 | 77419851B | 604,33 € | 300,00 € |
| 43 | 47650215B | 617,51 € | 300,00 € |
| 44 | 36014435T | 618,63 € | 300,00 € |
| 45 | 36050649N | 622,73 € | 300,00 € |
| 46 | 53973362K | 643,83 € | 300,00 € |
| 47 | 36087139R | 644,61 € | 300,00 € |
| 48 | 35961426Y | 654,30 € | 300,00 € |
| 49 | Y0416245M | 660,99 € | 300,00 € |
| 50 | 36084927C | 660,99 € | 300,00 € |
| 51 | 53190128Y | 660,99 € | 300,00 € |
| 52 | 39459453D | 660,99 € | 300,00 € |
| 53 | 36079762F | 660,99 € | 300,00 € |



Concello de Vigo

| | | | |
|----|-----------|----------|----------|
| 54 | 36175815N | 660,99 € | 300,00 € |
| 55 | 36146312H | 660,99 € | 300,00 € |
| 56 | 53976275J | 660,99 € | 300,00 € |
| 57 | 39451293Z | 660,99 € | 300,00 € |
| 58 | 36165480G | 660,99 € | 300,00 € |
| 59 | X2616466D | 660,99 € | 300,00 € |
| 60 | 53178844S | 661,63 € | 300,00 € |
| 61 | Y0107037D | 661,70 € | 300,00 € |
| 62 | 35869065J | 664,38 € | 300,00 € |
| 63 | 36044683A | 670,86 € | 300,00 € |
| 64 | 34547781X | 701,72 € | 300,00 € |
| 65 | 36007147A | 704,08 € | 300,00 € |
| 66 | 35831839R | 704,08 € | 300,00 € |
| 67 | 53194871B | 704,74 € | 300,00 € |
| 68 | 35922539N | 706,05 € | 300,00 € |
| 69 | 36157064Y | 736,26 € | 300,00 € |
| 70 | 11489249J | 740,74 € | 300,00 € |
| 71 | 35855324A | 740,74 € | 300,00 € |
| 72 | 35856116J | 741,29 € | 300,00 € |
| 73 | 35378656X | 742,12 € | 300,00 € |
| 74 | 35919476P | 742,12 € | 300,00 € |
| 75 | 35956091F | 742,12 € | 300,00 € |
| 76 | 35812868M | 742,12 € | 300,00 € |
| 77 | 02449683E | 742,12 € | 300,00 € |
| 78 | 34615515D | 742,12 € | 300,00 € |
| 79 | 35798177B | 742,68 € | 300,00 € |
| 80 | 34456688C | 746,39 € | 300,00 € |
| 81 | 35945183R | 750,40 € | 300,00 € |
| 82 | 35938249J | 751,12 € | 200,00 € |
| 83 | 08968678N | 755,95 € | 200,00 € |
| 84 | 35955404X | 761,83 € | 200,00 € |

TOTAL

24.900,00 €

SEGUNDO: Aprobar a lista de agarda que se achega no Anexo II que se inicia por “36028070L” cunha renda per cápita mensual de 773,54€ e finaliza por “76807251Q” cunha renda per cápita mensual de 1.340,45€.

ANEXO II- Lista de agarda 2018

ANEXO II – LISTA DE AGARDA

| Nº ORDE | NIF | Renta per capita/mes (bruto) | SUBVENCION |
|---------|-----------|------------------------------|------------|
| 1 | 36028070L | 773,54 € | 200,00 € |
| 2 | 34445835T | 776,06 € | 200,00 € |
| 3 | 36133858F | 778,58 € | 200,00 € |
| 4 | 76913618P | 778,58 € | 200,00 € |
| 5 | 35209835D | 789,09 € | 200,00 € |
| 6 | 36050502A | 795,24 € | 200,00 € |
| 7 | 35920514B | 796,81 € | 200,00 € |
| 8 | 76841121F | 808,45 € | 200,00 € |
| 9 | 16807516J | 810,04 € | 200,00 € |
| 10 | 35904932T | 816,59 € | 200,00 € |
| 11 | 35846502J | 830,99 € | 200,00 € |
| 12 | 36109282H | 838,72 € | 200,00 € |
| 13 | 35856138N | 845,72 € | 200,00 € |
| 14 | 35922498V | 846,93 € | 200,00 € |
| 15 | 35259563B | 878,62 € | 200,00 € |
| 16 | 36047906Y | 881,90 € | 200,00 € |
| 17 | 35822893W | 894,09 € | 200,00 € |
| 18 | 35945549E | 899,40 € | 200,00 € |
| 19 | 36035051P | 903,50 € | 200,00 € |
| 20 | 34519452V | 917,67 € | 200,00 € |



Concello de Vigo

| | | | |
|----|-----------|------------|----------|
| 21 | 35823847J | 922,45 € | 200,00 € |
| 22 | 35971563T | 925,44 € | 200,00 € |
| 23 | 35816672Z | 930,41 € | 200,00 € |
| 24 | 76600561G | 936,15 € | 200,00 € |
| 25 | 35939356Q | 959,12 € | 200,00 € |
| 26 | 35921553S | 962,41 € | 200,00 € |
| 27 | 34718058H | 1.014,49 € | 100,00 € |
| 28 | 35844680P | 1.031,85 € | 100,00 € |
| 29 | 35456799E | 1.060,34 € | 100,00 € |
| 30 | 76790462V | 1.114,45 € | 100,00 € |
| 31 | 34223376C | 1.167,68 € | 100,00 € |
| 32 | 76610901V | 1.199,14 € | 100,00 € |
| 33 | 36131803E | 1.236,84 € | 100,00 € |
| 34 | 35818856J | 1.264,51 € | 100,00 € |
| 35 | 36076079G | 1.310,42 € | 100,00 € |
| 36 | 76807251Q | 1.340,45 € | 100,00 € |

TERCEIRO: Desestimar as solicitudes que se achegan no listado do Anexo III que se inicia por "53178146F" e finaliza por "76915796R" reseñándose en cada un deles o motivo da súa desestimación.

ANEXO III- Solicitudes desestimadas 2018

| ANEXO III – DENEGADAS | | | |
|-----------------------|-----------|------------------------------|---|
| Nº ORDE | NIF | Renta per capita/mes (bruto) | POR INCUMPRIMENTO |
| 1 | 53178146F | 1.354,65 € | Base 6ª, apartado: e) Dispor duns ingresos per cápita brutos superiores a 2,5 do IPREM vixente (16.135,20€ anuais ou 1.344,60€ mensuais) |

| | | | |
|---|-----------|------------|--|
| 2 | 34624928S | 2.883,31 € | Base 6ª, apartado: e) Dispor duns ingresos per cápita brutos superiores a 2,5 do IPREM vixente (16.135,20€ anuais ou 1.344,60€ mensuais), apartado: d) Constar como titular de vehículo automóbil propio. |
| 3 | 34950055Z | 778,58 € | Base 6ª, apartado: d) Constar como titular de vehículo automóbil propio. |
| 4 | 35269591B | 856,54 € | Base 6ª, apartado: d) Constar como titular de vehículo automóbil propio. |
| 5 | 53818830A | | Base 6ª, apartado: c) Non ter recoñecida a condición legal de minusvalía que afecte gravemente á súa mobilidade, non podendo utilizar os transportes públicos colectivos e así se acredite no certificado oficial de minusvalía, emitido polo Equipo de Valoración e Orientación (EVO) dependente da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia (baremo Real Decreto 1971/1999 A, B, C ou a partir de 7 puntos polos apartados D,E,F,G,H). |
| 6 | 76835649D | | Base 6ª, apartado: c) No seu certificado de recoñecemento da condición legal de minusvalía non consta a valoración de mobilidade, |



Concello de Vigo

| | | | |
|---|-----------|------------|---|
| | | | emitido polo Equipo de Valoración e Orientación (EVO) dependente da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia (baremo Real Decreto 1971/1999 A, B, C ou a partir de 7 puntos polos apartados D,E,F,G,H) |
| 7 | 36091651M | 1.747,28 € | Base 6ª, apartado: e) Dispor duns ingresos per cápita brutos superiores a 2,5 do IPREM vixente (16.135,20€ anuais ou 1.344,60€ mensuais) e apartado: d) Constar como titular de vehículo automóbil propio. |
| 8 | 35823962J | | Base 6ª, apartado: c) Ter recoñecida a condición legal de minusvalía que afecte gravemente á súa mobilidade, non podendo utilizar os transportes públicos colectivos e así se acredite no certificado oficial de minusvalía, emitido polo Equipo de Valoración e Orientación (EVO) dependente da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia (baremo Real Decreto 1971/1999 A, B, C ou a partir de 7 puntos polos apartados D,E,F,G,H) |
| 9 | 35915307W | | Base 6ª, apartado: c) No seu certificado de recoñecemento da condición legal de minusvalía non consta a valoración de mobilidade, emitido polo Equipo de Valoración e Orientación |

| | | | |
|----|-----------|------------|--|
| | | | (EVO) dependente da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia (baremo Real Decreto 1971/1999 A, B, C ou a partir de 7 puntos polos apartados D,E,F,G,H) |
| 10 | 36076780S | | Fora do prazo establecido (03/05/2018 ao 22/05/2018), foi presentada o día 24/05/2018. |
| 11 | 35993247H | 1.498,53 € | Base 6ª, apartado: e) Dispor duns ingresos per cápita brutos superiores a 2,5 do IPREM vixente (16.135,20€ anuais ou 1.344,60€ mensuais). |
| 12 | X3744736Z | 699,35 € | Base 6ª, apartado: d) Constar como titular de vehículo automóbil propio. |
| 13 | 36110893L | 1.351,61 € | Base 6ª, apartado: e) Dispor duns ingresos per cápita brutos superiores a 2,5 do IPREM vixente (16.135,20€ anuais ou 1.344,60€ mensuais). |
| 14 | 09624296S | | Fora do prazo establecido (03/05/2018 ao 22/05/2018), foi presentada o día 04/06/2018. |
| 15 | 35835641P | | Base 6ª, apartado: c) Ter recoñecida a condición legal de minusvalía que afecte gravemente á súa |



Concello de Vigo

| | | | |
|----|-----------|------------|---|
| | | | movilidade, non podendo utilizar os transportes públicos colectivos e así se acredite no certificado oficial de minusvalía, emitido polo Equipo de Valoración e Orientación (EVO) dependente da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia (baremo Real Decreto 1971/1999 A, B, C ou a partir de 7 puntos polos apartados D,E,F,G,H). |
| 16 | 36132624S | 551,90 € | Base 6ª, apartado: d) Constar como titular de vehículo automóbil propio. |
| 17 | 36039697P | 1.390,21 € | Base 6ª, apartado: e) Dispor duns ingresos per cápita brutos superiores a 2,5 do IPREM vixente (16.135,20€ anuais ou 1.344,60€ mensuais) |
| 18 | 36131947M | | Base 6ª, apartado: c) No seu certificado de recoñecemento da condición legal de minusvalía non consta a valoración de mobilidade, emitido polo Equipo de Valoración e Orientación (EVO) dependente da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia (baremo Real Decreto 1971/1999 A, B, C ou a partir de 7 puntos polos apartados D,E,F,G,H). |
| 19 | 35824707E | 1.376,95 € | Base 6ª, apartado: e) |

| | | | |
|----|-----------|------------|---|
| | | | Dispor duns ingresos per cápita brutos superiores a 2,5 do IPREM vixente (16.135,20€anuais ou 1.344,60€ mensuais) e apartado: d) Constar como titular de vehículo automóbil propio. |
| 20 | 09975030E | 2.195,12 € | Base 6ª, apartado: e) Dispor duns ingresos per cápita brutos superiores a 2,5 do IPREM vixente (16.135,20€anuais ou 1.344,60€ mensuais) e apartado: d) Constar como titular de vehículo automóbil propio. |
| 21 | 35843467Z | | Base 6ª, apartado: c) Ter recoñecida a condición legal de minusvalía que afecte gravemente á súa mobilidade, non podendo utilizar os transportes públicos colectivos e así se acredite no certificado oficial de minusvalía, emitido polo Equipo de Valoración e Orientación (EVO) dependente da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia (baremo Real Decreto 1971/1999 A, B, C ou a partir de 7 puntos polos apartados D,E,F,G,H) |
| 22 | 32571958W | | Base 6ª, apartado: c) Ter recoñecida a condición legal de minusvalía que afecte gravemente á súa mobilidade, non podendo utilizar os transportes públicos colectivos e así se acredite no certificado |



Concello de Vigo

| | | | |
|----|-----------|------------|---|
| | | | oficial de minusvalía, emitido polo Equipo de Valoración e Orientación (EVO) dependente da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia (baremo Real Decreto 1971/1999 A, B, C ou a partir de 7 puntos polos apartados D,E,F,G,H) |
| 23 | 76915796R | 1.532,91 € | Base 6ª, apartado: e) Dispor duns ingresos per cápita brutos superiores a 2,5 do IPREM vixente (16.135,20€ anuais ou 1.344,60€ mensuais) |

CUARTO: Publicar este acordo e os seus Anexos no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

QUINTO: Notificar o acordo a todas as persoas interesadas, con indicación de que contra o presente acordo poderá interpoñerse, potestativamente recurso de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun (1) mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous (2) meses. Os prazos contaránse a partir do día seguinte ó das respectivas notificacións.

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime oportuno.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(865).- BASES E CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS PARA POTENCIAR A PARTICIPACION DE DEPORTISTAS EN COMPETICIONS OFICIAIS DE ALTO NIVEL NA TEMPADA DEPORTIVA 2017-2018. EXPTE. 17473/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 23/07/18, e o informe de fiscalización do 07/08/18, dáse conta do informe-proposta do 13/07/18, asinado polo xefe de Servizo de Deportes e conformado polo concelleiro-delegado de Deportes e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

A actividade deportiva en Vigo, no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación, tanto á participación de entidades deportivas de todas as facetas do deporte, como á participación dos e das deportistas da cidade de Vigo en competicións da máis alta esixencia de rendemento deportivo.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes, atopámonos cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axudas ó desenvolvemento do deporte nas súas distintas manifestacións e a consolidación destes proxectos deportivos que xera a cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e cidadás.

Os obxectivos xerais destes proxectos de subvencións responden ó desexo de xerar sinerxías orientadas a potenciar proxectos comúns para a cidade de Vigo e propicien a potenciación de colaboracións no ámbito social, destacando no proxecto:

- O interese xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
- A búsqueda dunha personalidade propia e definida de acción, en base ós principios do compromiso da sociedade sobre os valores do deporte.
- A mellora dos recursos destinados á dinamización do deporte de alto nivel en todos os aspectos é un aspecto fundamental polo que este representa como exemplo para a mocidade.
- A colaboración no financiamento e ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica da actividade deportiva ata o nivel do alto rendemento.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén con referencias de proxectos deportivos de continuidade e futuro no seu entorno.
- Contribuír a que os deportistas e as deportistas vigueses máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de cara a consolidar a imaxe deportiva de Vigo.

En relación cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axudas ós deportistas da cidade de Vigo que participan en competicións do máis alto nivel, os vixentes orzamentos do Concello de Vigo para o ano 2018 consignan, na partida orzamentaria 3410.480.00.00 "Axudas a deportistas individuais de elite", un crédito por un importe total de 50.000,00€ (cincuenta mil euros), que o Concello de Vigo a través da Concellería de Deportes pretende destinar á actuación de colaboración na financiamento dos gastos ocasionados pola participación



Concello de Vigo

dos e das deportistas da cidade de Vigo en competicións oficiais de alto nivel durante a tempada deportiva 2017/2018.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

O obxecto desta convocatoria ven a desenvolver as actuacións de promoción do deporte en beneficio do desenvolvemento deportivo local, definidas no ámbito do artigo 25.2. apartado l) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, e así mesmo, dita actuación atopase recollida no ámbito das competencias definidas para os municipios no artigo 8 apartados 2 e 9, da Lei 3/2012 de 2 de abril del deporte de Galicia.

Con carácter previo ao outorgamento das subvencións deberán aprobarse as bases reguladoras de concesión da subvención nos termos establecidos na Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e proceder a súa convocatoria.

Así mesmo, atendendo ó establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e tendo en conta a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións e o traslado do seu extracto ao diario oficial correspondente, deberá aprobarse o texto do extracto e da convocatoria de subvencións que se remitirán á Base de Datos Nacional de Subvencións, e que se anexan ó expediente. Considerando tales preceptos legais, axúntanse como anexos na proposta de aprobación o texto da convocatoria e o extracto da mesma, tal como establece o punto cuarto da Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións.

A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

A lexislación aplicable ás bases reguladoras e convocatoria específica destas subvencións será a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2018; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo

gobierno; así como as restantes normas de dereiro administrativo e, no seu defecto, as normas de dereiro privado.

Por todo o exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar as bases reguladoras para a concesión de subvencións orientadas a potenciar a participación de deportistas da cidade de Vigo en competicións de alto nivel durante a tempada deportiva 2017/2018.

SEGUNDO: Aprobación do texto da convocatoria para a concesión de subvencións orientadas a potenciar a participación de deportistas da cidade de Vigo en competicións de alto nivel durante a tempada deportiva 2017/2018 e do extracto da mesma, que se remitirán á Base de Datos Nacional de Subvenciones, en base ó establecido na *Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións*.

TERCEIRO: Autorizar o gasto de 50.000,00 € (Cincuenta mil Euros) con cargo á partida ornaméntaría 3410.480.00.00 "Axudas a deportistas individuais de elite" do vixente orzamento.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

"BASES ESPECÍFICAS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE SUBVENCIÓNS ORIENTADAS A POTENCIAR PROGRAMAS DE PARTICIPACIÓN DE DEPORTISTAS DA CIDADE DE VIGO EN COMPETICIÓN OFICIAIS DE ALTO NIVEL NA TEMPADA DEPORTIVA 2017/2018"

O obxecto destas bases ven a desenvolver as actuacións de promoción do deporte en beneficio do desenvolvemento deportivo local, definidas no ámbito do artigo 25.2. apartado l) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, e así mesmo, dita actuación atópase recollida no ámbito das competencias definidas para os municipios no artigo 8 apartados 2 e 9, da Lei 3/2012 de 2 de abril del deporte de Galicia.

En relación cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte en beneficio do desenvolvemento deportivo local, a través do apoio, difusión e axudas ós e ás deportistas da cidade de Vigo, os vixentes orzamentos do Concello de Vigo consignan, na partida orzamentaría 3410.480.00.00 "Axudas a deportistas individuais de elite", un crédito por un importe total de 50.000,00 € (Cincuenta mil Euros); crédito orzamentario que o Concello de Vigo, a través da Concellería de Deportes, destina a colaborar na financiamento de programas de participación de deportistas da cidade de Vigo en competicións oficiais de alto nivel.

A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.



Concello de Vigo

As bases que seguen teñen por obxecto regular a concesión destas subvencións e iniciar o procedemento para a dita concesión.

PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

O obxecto das subvencións a que se refiren as presentes bases é potenciar a participación de deportistas da cidade de Vigo en competicións oficiais de alto nivel no período comprendido entre o 1 de setembro de 2017 e o 30 de agosto do 2018.

SEGUNDA.- GASTOS SUBVENCIONABLES.

Serán gastos subvencionables os que de xeito determinado estean vinculados directamente con conceptos relacionados coa participación dos e das solicitantes en competicións de carácter oficial federado de alto nivel incluídas nas categorías detalladas no apartado sétimo das bases. En xeral serán subvencionables todos os gastos ocasionados derivados directamente da participación en competicións oficiais federadas de alto nivel (Desprazamentos-combustible desprazamento, alquiler vehículos, billetes de transporte-, aloxamento, manutención).

As subvencións teñen un carácter único e, aínda que se poda valorar a participación dos/das deportistas en varias competicións, enténdese que o total da subvención é polos gastos xerados pola actividade realizada entre o 1 de setembro de 2017 e o 30 de agosto de 2018.

TERCEIRA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 50.000,00 € (Cincuenta mil Euros) que se farán efectivas con cargo á partida orzamentaria 3410.480.00.00 "Axudas a deportistas individuais de elite". Poderán outorgarse subvencións superando esta contía sen nova convocatoria cando se dean as circunstancias previstas no artigo 31.2 da Lei de subvencións de Galicia.

CUARTA.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN.

1.- Estas subvencións serán compatibles con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade, procedente de calquera outra administración, ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

2.- O/A beneficiario/a deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

3.- En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

QUINTA. - REQUISITOS DOS/AS BENEFICIARIOS/AS.

- Cada solicitante poderá solicitar unha subvención para un máximo de tres competicións.
- 5.1- Poderán solicitar unha subvención:
 - Deportistas de forma individual (ou os seus representantes legais no caso de menores de idade) que cumpran os requisitos establecidos nas bases da convocatoria.
 - Entidades deportivas en representación dos/das deportistas individuais vinculados/as con elas incluídos nos seus programas de participación en competicións de alto nivel, e que cumpran cos requisitos establecidos nas bases da convocatoria.
- 5.2.- Os/As solicitantes deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non estar incursos en prohibición para ser beneficiario da subvención das previstas no citado artigo para o que se esixirá aos solicitantes unha declaración de non estar incursos nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10 da Lei 9/2007.
- 5.3.- Acreditarán acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e para coa Seguridade Social mediante a presentación das certificacións ás que se refire o artigo 22 do RD 887/2006, 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- 5.4.- Autorizan á Comisión avaliadora a solicitar ós departamentos responsables, e comprobar de oficio, os datos e a documentación que acredite que se achán ao corrente das súas obrigas Tributarias coa Axencia Tributaria e o Concello de Vigo. Entenderase que o solicitante, ao presenta-la solicitude de subvención, consente tal extremo.
- 5.5.- En calquera dos casos, entenderase que o/a solicitante, ao presenta-la solicitude de subvención, autoriza á comisión avaliadora para solicitar e comprobar de oficio os datos e certificados acreditativos necesarios ós departamentos administrativos responsables.
- 5.6.- Requisitos específicos para Deportistas solicitantes:
 - Estar empadroado na cidade de Vigo como mínimo desde xaneiro do 2017.
 - Ter competido no ano 2018 ou na tempada 2017/2018 segundo o caso, cunha licenza federativa vinculada a unha entidade deportiva sen ánimo de lucro con sede social na cidade de Vigo.
 - Competir como deportista dunha modalidade deportiva individual, participando de xeito individual, en parella ou trío.
 - Non estar cumprindo sanción disciplinaria ou administrativa en materia deportiva de carácter grave ou moi grave.
 - Cumprir un dos seguintes requisitos:
 - Estar recoñecido/a pola Secretaría Xeral para o deporte como deportista galego/a de alto nivel segundo a última lista publicada no



Concello de Vigo

DOG no momento da finalización do prazo para a presentación da solicitude de subvención.

- Estar clasificado na fase nacional previa ó campionato obxecto da solicitude de subvención.
 - No caso de que a competición dependa de Ranking, que o/a deportista estea clasificado/a entre o 20% dos mellores deportistas do Ranking nacional da modalidade.
 - No caso de deportistas discapacitados, admitirase a certificación emitida pola federación nacional que acredite que o solicitante está considerado de alto nivel na modalidade ou, no seu defecto, a invitación formal ó campionato do que se trate, na que se acredite que a invitación é o sistema de acceso ó campionato.
- 5.7.- Requisitos específicos para entidades solicitantes:
 - Que os/as deportistas integrados/as no programa obxecto da solicitude cumpran os requisitos establecidos no apartado 5.6 e non haxan solicitado a axuda de forma individual polo mesmo obxecto no ámbito desta mesma convocatoria de subvencións.
 - Poderán solicitar e obter estas axudas os clubs deportivos, asociacións e agrupacións deportivas, e entidades deportivas que teñan o seu enderezo social en Vigo, teñan personalidade xurídica propia, carezan de ánimo de lucro, cumpran os requisitos que establecen as presentes bases e convocatoria, e desenvolvan un programa específico de competición de alto nivel orientado a deportistas individuais, parellas ou tríos con ficha federativa vinculada á entidade durante a tempada deportiva 2017/2018 ou no ano 2018 segundo o caso.
 - Quedan excluídas expresamente de esta convocatoria:
 - As federacións deportivas.
 - Os clubs pertencentes ou integrados en institucións oficiais.
 - As entidades deberán estar integradas en competicións oficiais ou campionatos organizados polas federacións deportivas, e sen ter consideración de club ou equipo profesional.

SEXTA.- OBRIGAS DOS/DAS BENEFICIARIOS.

1.- Serán obrigas dos/das beneficiarios/as das subvencións, ademais das previstas nestas bases e convocatoria e das sinaladas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia, as que seguen:

- a) Realizar ou haber realizado no período subvencionable a actividade deportiva subvencionada consonte co proxecto presentado coa solicitude, deixando constancia da financiamento municipal en calquera actividade coa inclusión da imaxe corporativa oficial.
- b) Responder da veracidade dos datos da solicitude, baixo a persoal responsabilidade da persoa que subscriba a solicitude.

c) Dar a adecuada publicidade á financiamento municipal da actividade subvencionada en calquera actividade ou evento no que participe ó longo do ano 2018.

SÉTIMA.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN.

1.- Para efectuar as propostas de concesión das subvencións, a comisión avaliadora terá en conta os seguintes criterios e baremo de puntuación.

a) Nivel da competición.

- Campionato do Mundo: Ata 20 puntos.
 - Categoría absoluta: 10 puntos por campionato.
 - Outras categorías: 5 puntos por campionato.
- Campionato de Europa: Ata 10 puntos.
 - Categoría absoluta: 5 puntos por campionato.
 - Outras categorías: 4 puntos por campionato.
- Outras competicións oficiais de ámbito internacional (Copas de Europa, Copas do Mundo, circuitos oficiais...): Ata 5 puntos.
 - Categoría absoluta: 2,5 puntos por campionato.
 - Outras categorías: 1,5 puntos por campionato.
- Campionatos de España: Ata un máximo de 2 puntos.
 - Categoría absoluta: 1 puntos por campionato.
 - Outras categorías: 0,5 puntos por campionato.

b) Rendemento deportivo: Segundo o posto acadado nas competicións nas que participe: No caso de participar en varias probas dentro do mesmo campionato, terase en conta o resultado que outorgue unha maior puntuación.

| | Cto. España | | Outras compet. Intnais | | Cto. Europa | | Cto. Mundo | |
|---------------|-------------|-------------|------------------------|-------------|-------------|-------------|---------------|-------------|
| | Cat. Absol. | Outras cat. | Cat. Absol. | Outras cat. | Cat. Absol. | Outras cat. | Cat. Absoluta | Outras cat. |
| 1º a 4º Posto | 2 puntos | 1,5 puntos | 3 puntos | 2 puntos | 10 puntos | 5 puntos | 20 puntos | 10 puntos |
| 5º a 8º Posto | 1 puntos | 0,5 puntos | 1,5 puntos | 1 puntos | 8 puntos | 4 puntos | 15 puntos | 7,5 puntos |
| Participación | - puntos | - puntos | 1 puntos | 0,5 puntos | 3 puntos | 1,5 puntos | 6 puntos | 3 puntos |

c) Ámbito territorial do desprazamento: Valorarase o desprazamento a cada unha das competicións nas que participe o/a solicitante. Só valorarase este criterio si a competición se celebra fora da Comunidade Galega.

| | Outras compet. Intnais. e Cto. España | Cto. Europa | Cto. Mundo |
|-----------------|---------------------------------------|-------------|------------|
| España/Portugal | 1 punto | 5 puntos | 6 puntos |
| Resto do Mundo | 2 puntos | 10 puntos | 12 puntos |

d) Duración do Campionato: Valorarase a duración de cada unha das competicións nas que participe o/a solicitante. En todos os casos, computará como primeiro día de competición o día anterior ó inicio oficial da participación do/da deportista na mesma, ata o último día oficial de competición oficial.

- Campionato do Mundo: Ata un máximo de 12 puntos.
 - España/Portugal: Ata un máximo de 6 puntos por campionato. Valorarase 1 punto por día de competición.
 - Resto do Mundo: Ata un máximo de 12 puntos por campionato.



Concello de Vigo

- Valorarase 1 punto por día de competición.
- Campionato de Europa: Ata un máximo de 10 puntos.
 - España/Portugal: Ata un máximo de 5 puntos por campionato. Valorarase 1 punto por día de competición.
 - Resto do Mundo: Ata un máximo de 10 puntos por campionato. Valorarase 1 punto por día de competición.
- Outras competicións oficiais Internacionais de alto nivel (Copas de Europa, Copas do Mundo, circuítos oficiais...): Ata un máximo de 6 puntos.
 - España/Portugal: Ata un máximo de 3 puntos por campionato. Valorarase 0,5 puntos por día de competición.
 - Resto do Mundo: Ata un máximo de 6 puntos por campionato. Valorarase 0,5 puntos por día de competición.
- Campionatos de España: Ata un máximo de 3 puntos. Só valorarase este criterio si a competición se celebra fora da Comunidade Galega.
 - Ata un máximo de 3 puntos por campionato. Valorarase 0,5 puntos por día de competición.

OITAVA.- CONTÍA E LÍMITE INDIVIDUALIZADA DAS SUBVENCÍONS.

1.- O importe total da convocatoria distribuirase entre a suma total de puntos acadados pola totalidade das solicitudes admitidas, obtendo desta forma o valor unitario do punto.

No caso de que a solicitude sexa remitida por unha entidade, farase unha valoración individualizada para cada un/unha dos/das deportistas integrados no programa presentado e que cumpriran os requisitos da convocatoria.

A subvención para cada beneficiario/a calcularase multiplicando o valor unitario do punto polos puntos obtidos en cada caso, cos límites establecidos por tipo de competición segundo os seguintes criterios, e que non poderán superar o límite individual:

- Importes máximos por tipo de competición: Os importes máximos das subvencións establecidos para cada *tipo de competición* serán os establecidos a continuación. No caso de que o importe resultante da baremación e puntuación vinculada a cada tipo de competición e categoría supere o importe máximo para cada unha delas, este axustarase ó límite establecido para cada un dos casos segundo se detalla:
 - Campionato de España:
 - Categoría absoluta: Ata 500,00€.
 - Outras categorías: Ata 300,00€.
 - Outras competicións oficiais Internacionais:
 - Categoría absoluta: Ata 1.000,00€.
 - Outras categorías: Ata 800,00€.
 - Campionato de Europa:
 - Categoría absoluta: Ata 1.500,00€.
 - Outras categorías: Ata 1.200,00€.
 - Campionato do Mundo:
 - Categoría absoluta: Ata 2.000,00€
 - Outras categorías: Ata 1.800,00€

- Límite máximo do importe da subvención por deportista: O importe total máximo destinado para cada un/unha dos/das deportistas beneficiarios/as de forma individual será de 2.500,00€. No caso de que o importe resultante da baremación e puntuacións obtidas no criterio “tipo de competición” supere este importe máximo (2.500,00€), dita cantidade axustarase a este límite establecido.

NOVENA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS.

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva que se iniciará de oficio tras a aprobación das presentes bases e convocatoria pola Xunta de Goberno Local.

DÉCIMA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, será de 15 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30 da Lei 39/2015 do Procedemento administrativo común das AAPP.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas e asinadas electrónicamente polo representante da entidade, mediante os modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org),

Só admitirase unha solicitude por solicitante.

No caso de que se achegue a solicitude presencialmente, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que tivese realizado a subsanación.

Todas as solicitudes, así coma as posibles subsanacións telemáticas contempladas no parágrafo anterior, deberanse achegar antes de que remate o prazo outorgado para a súa presentación, sen que caiba ter por presentadas aquelas achegadas con carácter extemporáneo.

DECIMO PRIMEIRA.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN.

1.- Coa solicitude, segundo o modelo que figura como anexo I.1 do expediente, deberase achegar a demais documentación esixida nestas bases, segundo os modelos, no seu caso, que figuran nos demais anexos da convocatoria.



Concello de Vigo

2.- A instancia de solicitude será asinada polo/a solicitante, polo representante legal en caso de menores de idade, ou polo/a representante legal da entidade peticionaria no seu caso caso, e presentarase no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, ou por algún dos procedementos previstos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións públicas.

3.- Os/A solicitantes deberán presentar xunto coa solicitude (Anexo I.1) a seguinte documentación:

A) Anexos:

- Anexo I.2. Certificado das competicións e categoría na que participa (No caso das entidades, un documento por cada deportista polo/a que se solicita subvención).

- Anexo I.3. Orzamento equilibrado de ingresos e gastos do programa.

- Anexo I.4. Declaración responsable.

B) *Outra documentación obrigatoria:*

- Certificado Orixinal actualizado da titularidade da conta bancaria do/da solicitante, ou no caso de menores de idade, do/a seu/súa representante legal.

- Copia do DNI de cada un/unha dos/das deportistas solicitantes e dos/das representantes legais no caso de menores de idade.

- Proxecto das actividades, que inclúa os datos concretos referentes ás competicións sobre as que solicita subvención, programa completo de adestramentos e competicións, formato das competicións, resultados...

- **Só para entidades:**

- Copia do documento que acreditea constitución da actual xunta directiva.
- Copia do D.N.I. do presidente da entidade asinante da solicitude de subvención.
- Copia do DNI de cada un/unha dos/das deportistas integrados/as no proxecto obxecto da solicitude de subvención e dos/das seus representantes legais no caso de menores de idade.
- Copia do código de identificación fiscal da entidade solicitante, ademais dos DNI de cada un/unha dos/das deportistas integrados no programa sobre o que se solicita a subvención.

DÉCIMO SEGUNDA.- SUBSANACIÓN DA SOLICITUDE.

Consonte co establecido no artigo 20.5 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento Administrativo Común, se a documentación aportada fora incompleta ou non reunira os requisitos esixidos na presente convocatoria, o solicitante será requirido mediante

notificación electrónica para que complete a documentación ou amañe a falla no prazo de 10 días hábiles, contados a partir da recepción da notificación, coa advertencia de que se non o fixera se lle terá por desistida a súa solicitude e arquivarase o expediente.

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. Remítanse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

DECIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE.

As presentes Bases reguladoras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO) e con posterioridade remitirase a Convocatoria á Base de datos Nacional de Subvencións, que será quen lle dea traslado ao BOPPO do extracto da mesma, sen prexuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo.

As subvencións concedidas se remitirán á BDNS para a súa publicación con indicación según cada caso, da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados.

Publicidade do financiamento público. As beneficiarias das subvencións deberán empregar-lo distintivo do Concello de Vigo en tódalas actividades e comunicacións que promovan e en todas as equipacións, publicacións, carteis, rótulos e demais elementos de difusión ou publicidade será indispensable mencionar á “Concellería de Deportes – Concello de Vigo”.

DÉCIMO CUARTA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO E PRAZO PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN.

1.- A Concellería de Deportes será a encargada da instrución do procedemento de concesión das subvencións. A avaliación das mesmas se realizará por unha Comisión de Valoración composta polo Concelleiro de Deportes, o Xefe de Servizo da Área de Deportes e un Técnico da mesma área que actuará como secretario.

2.- A Comisión Avaliadora, a través da Concellería de Deportes, como órgano instrutor, formulará proposta motivada de concesión das subvencións á Xunta de Goberno Local consonte a avaliación realizada. A proposta incluírá o informe do órgano instrutor no que conste que da información que ten no seu poder se desprende que os beneficiarios cumpren con todos os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.



Concello de Vigo

3.- A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas.

O prazo para resolver e notificar a resolución será de seis meses, como máximo, contados a partir da publicación desta convocatoria.

A resolución notificarase electrónicamente ós solicitantes no prazo de dez días a partir da súa data a través da sede electrónica. Remítiranse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

4.- As entidades beneficiarias das axudas están obrigadas no prazo de dez días a contar do seguinte ao da notificación a comunicar por escrito á Concellería de Deportes a aceptación ou renuncia das axudas, transcorrido este prazo sen manifestación expresa entenderase tacitamente aceptada.

5.- A resolución da Xunta de Goberno Local, sobre concesión das axudas, esgota a vía administrativa e contra a mesma poderá interpoñerse recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar do día seguinte ó da súa notificación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses desde o seguinte ó da notificación, de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común e 8.1 e 46 da Lei Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

6.- Transcorrido o devandito prazo de seis meses sen que a Xunta de Goberno Local dite resolución expresa, entenderase que é desestimada a petición da axuda.

DÉCIMO QUINTA.- SUBCONTRATACIÓN.

Os beneficiarios non poderán subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

DÉCIMO SEXTA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIONS.

1.- Os/As beneficiarios/as das subvencións dispoñen ata o 2 de novembro de 2018 (Incluído) para xustificar o cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos.

O prazo sinalado para a xustificación poderá ser ampliado se concorreran causas que o xustifiquen, previa aprobación do mesmo por parte da Xunta de Goberno Local.

“Transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario/a para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia de reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario/a das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan”.

2.- Ao efecto de xustificar a subvención os beneficiarios deberán achegar electrónicamente **a través da sede electrónica do Concello de Vigo**, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica:

a).1 Memoria de actuación xustificativa do cumprimento do proxecto e actividades subvencionadas, cuns contidos mínimos no aspecto deportivo (Incluíranse os datos referentes ás competicións subvencionadas, os resultados, o ámbito e o nivel acadado nas competicións, material gráfico impreso,...).

a) .2 Certificado emitido pola federación que acredite a participación no campionato do que se trate, o posto acadado, así como os detalles que podan ser relevantes.

a).3- Os anexos II destas bases:

-Anexo II.1. Relación de facturas presentadas como xustificación polo importe subvencionado.

-Anexo II.2. Declaración responsable

-Anexo II.3. Balance de ingresos e gastos

b)1.- Xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto subvencionado polo importe subvencionado, en relación co apartado ou apartados para o cal está destinada a axuda coas seguintes especificidades:

1º.- A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do Orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros. As facturas serán orixinais e deberán recoller o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.

2º.- **Importe xustificativo:** Terase en conta como importe xustificativo a Base Impoñible do importe das facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente que se presenten como xustificación, excepto que se acredite debidamente mediante certificado da axencia Tributaria que o/a solicitante está exento/a de IVE, ou se acredite mediante declaración responsable que *“o importe do IVE derivado dos gastos da axuda a xustificar en relación á subvención*



Concello de Vigo

concedida pola Concellería de Deportes do Concello de Vigo en relación ó desenvolvemento do proxecto subvencionado, é asumido polo/a beneficiario/a ao non poder deducilo”.

3º.- Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.

4º.- Atendendo á especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais emitidos polas Federacións que recollan adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base á eficacia administrativa do mesmo.

5º.- Se o/a beneficiario/a solicitara a devolución do orixinal presentado, deberá facelo xunto coa presentación da documentación xustificativa. A área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal. En todo caso, a solicitude de devolución das facturas deberá ser efectuada, por escrito, xunto á presentación da xustificación, e sempre previamente ó pago da subvención acadada.

d.- Calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo Concello de Vigo, en relación coa xustificación da subvención.

DÉCIMO SÉTIMA.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCIONS.

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión, será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe da unidade Técnico-Deportiva do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada e a xustificación achegada.

DECIMO OITAVA.- OBRIGA DE INFORMACIÓN.

Os/As beneficiarios/as deberán facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DECIMO NOVENA.- PAGAMENTO.

1.- O pagamento da subvención terá lugar logo da xustificación polo/a beneficiario/a da actividade para a que se concedeu a subvención.

2.- Antes de proceder ao pago da subvención os/as beneficiarios/as (Ou os representantes legais no caso de menores de idade) deberán acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

VIXÉSIMA.- PÉRDIDA DO DEREITO AO COBRO, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIÓNS. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. Perda do dereito ao cobro:

- a) Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención o incumprimento por parte do/da beneficiario/a da subvención de calquera das obrigas previstas nestas bases reguladoras e especialmente as obrigas ás que se condiciona o pago único da subvención; o incumprimento dos requisitos, condicións e demais circunstancias que determinaron o outorgamento da subvención; a variación da finalidade da actuación; a falta de xustificación da subvención ou a insuficiencia desta; á obtención concorrente doutras axudas, que determinarían o reintegro da municipal e a concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.
- b) Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e do seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá a perda do dereito a subvención ou o seu reintegro na mesma proporción. En todo caso procederá a redución da subvención, coa conseguinte perda do dereito ao cobro, ou, no seu caso o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.
- c) A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

2.- Nulidade, reintegro, infraccións e sancións:

- a) Canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Procederá o reintegro das cantidades percibidas, coa conseguinte esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos do artigo 33 LSG.
- b) Canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer os/as beneficiarios/as destas axudas e procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de



Concello de Vigo

agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

1.- Os datos dos/das solicitantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso desta convocatoria, polo que a súa achega é obrigatoria.

2.- Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo. O/A beneficiario/a poderá exercer-los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

VIXÉSIMO SEGUNDA.- NORMATIVA DE APLICACIÓN.

A presente convocatoria rexerase pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2018, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Vigo, na data da sinatura dixital

Conforme

O Concelleiro Delegado de Deportes
Asdo. José Manuel Fernández Pérez

O Xefe do Servizo de deportes-Director deportivo
Asdo. Rubén Peña Barceló

SOLICITUDES INDIVIDUAIS:

ANEXO I.1.- INSTANCIA DE SOLICITUDE

| SOLICITUDE SUBVENCIÓN INDIVIDUAL ALTO NIVEL TEMPADA 2017/2018 | | | |
|---|--------------|------|------|
| D/Dna | | | DNI: |
| Enderezo | Localidade : | CP: | |
| Tlf. 1 | Tlf.2 | Fax: | |
| E-Mail a efectos de notificación | | | |
| Entidade deportiva vinculada | CIF | | |
| Modalidade: | | | |

| E, NO CASO DE MENORES DE IDADE , na súa representación, PAI, NAI, REPRESENTANTE LEGAL, | | | |
|---|--------------|---------|--|
| Apelidos: | Nome: | DNI: | |
| Enderezo: | Localidade : | CP: | |
| Tlf 1: | Tlf 2: | E-mail: | |

SOLICITA,

da Concellería de Deportes do Concello de Vigo, unha subvención por importe de€* , polo desenvolvemento do programa deportivo de participación en competicións de alto nivel durante a Tempada deportiva 2017/2018 ou o ano 2018 segundo o caso.

Documentación obrigatoria que se achega coa solicitude:

- 1. Anexo I.1:** Instancia de solicitude.
- 2. Anexo I.2:** Certificado federativo individual de competicións.
- 3. Anexo I.3:** Orzamento equilibrado de Ingresos e de gastos do programa.
- 4. Anexo I.4:** Declaración responsable.
- 5. Proxecto de participación en competicións de alto nivel obxecto da solicitude.**
- 6. Copia do DNI do/da solicitante (e o representante legal no caso de menores de idade) e da licenzia deportiva compulsada.**
- 7. Certificado orixinal da titularidade da conta bancaria do/da solicitante, ou o/a representante legal no caso de menores.**

***Campo obrigatorio**

O/A que abaixo asina declara que reúne os requisitos establecidos no artigo 10 da LSG, e que todos os datos que contén esta solicitude axústanse ós requisitos establecidos, e que nos comprometemos a cumprir co disposto nas bases da subvención, e polo tanto solicito. Así mesmo autorízase ó Concello de Vigo a solicitar e/ou verificar de oficio os datos e certificados que estime oportunos en relación á solicitude presentada.

| | |
|---------------------------------|--|
| A completar pola Administración | |
| Data de entrada | |
| Nº expediente | |

| | |
|---------------------------|---|
| Sinatura do/a solicitante | Sinatura do/da Representante legal no caso de menores |
| | |

Vigo , de de 2018
Sr. CONCELLEIRO DELEGADO DE DEPORTES



Concello de Vigo

ANEXO I.2.CERTIFICADO INDIVIDUAL DE COMPETICIÓNS DE ALTO NIVEL

A CUMPLIMENTAR POLA FEDERACIÓN (folla 1 de 2)

| | | | |
|--|--|-----|--|
| D/Dna. | | DNI | |
| Secretario/a da Federación | | | |
| CERTIFICA QUE son certos os datos que a continuación se detallan: | | | |

| | | | |
|--|--|-----------|--|
| D/Dna. | | DNI | |
| Nº Lic | | Categoría | |
| Club | | CIF | |
| Sede Social Club co que compite (Cidade) | | | |

Participou, entre o 01/09/2017 e o 30/08/2018, nas competicións que a continuación se detallan segundo os datos que se especifican:

1. Posto Ranking Nacional (De existir):

| Posto no Ranking | Nº deportistas que integran o Ranking |
|------------------|---------------------------------------|
| | |

2. Datos competicións:

| | |
|---------------------------------------|--|
| Nome oficial da competición 1: | |
|---------------------------------------|--|

| a) Nivel da competición: | |
|--------------------------------|--|
| Campionato do Mundo | |
| Campionato de Europa | |
| Copa do Mundo | |
| Copa de Europa | |
| Campionato de España | |
| Circuito Internacional oficial | |

| b) Categoría: | |
|-------------------|--|
| Absoluta | |
| Outras categorías | |

| c) Lugar de celebración | |
|-------------------------|--|
| España/Portugal | |
| Resto do Mundo (País) | |

| d) Acceso á competición | |
|-------------------------------|--|
| Ranking | |
| Fase Previa | |
| Invitación (Deporte adaptado) | |

| | |
|------------------|--|
| e) Posto: | |
|------------------|--|

| f) Duración da competición: | |
|-----------------------------|--|
| Data Inicio oficial | |
| Data Fin oficial | |
| | |
| | |

| g) Formato participación: | |
|---------------------------|--|
| Individual | |
| Parella | |
| Trío | |
| Cuarteto | |

ANEXO 1.2.CERTIFICADO INDIVIDUAL DE COMPETICIÓN DE ALTO NIVEL (Continuación)

Nome oficial da competición 2: _____

| | | | | | |
|------------------------------------|--|----------------------------------|--|--------------------------------|--|
| a) Nivel da competición: | | b) Categoría: | | c) Lugar de celebración | |
| Campionato do Mundo | | Absoluta | | España/Portugal | |
| Campionato de Europa | | Outras categorías | | Resto do Mundo (País) | |
| Copa do Mundo | | | | | |
| Copa de Europa | | | | | |
| Campionato de España | | | | | |
| Circuito Internacional oficial | | | | | |
| | | d) Acceso á competición | | e) Posto: | |
| | | Ranking | | | |
| | | Fase Previa | | | |
| | | Invitación (Deporte adaptado) | | | |
| f) Duración da competición: | | g) Formato participación: | | | |
| Data Inicio oficial | | Individual | | | |
| Data Fin oficial | | Parella | | | |
| | | Trío | | | |
| | | Cuarteto | | | |

Nome oficial da competición 3: _____

| | | | | | |
|------------------------------------|--|----------------------------------|--|--------------------------------|--|
| a) Nivel da competición: | | b) Categoría: | | c) Lugar de celebración | |
| Campionato do Mundo | | Absoluta | | España/Portugal | |
| Campionato de Europa | | Outras categorías | | Resto do Mundo (País) | |
| Copa do Mundo | | | | | |
| Copa de Europa | | | | | |
| Campionato de España | | | | | |
| Circuito Internacional oficial | | | | | |
| | | d) Acceso á competición | | e) Posto: | |
| | | Ranking | | | |
| | | Fase Previa | | | |
| | | Invitación (Deporte adaptado) | | | |
| f) Duración da competición: | | g) Formato participación: | | | |
| Data Inicio oficial | | Individual | | | |
| Data Fin oficial | | Parella | | | |
| | | Trío | | | |
| | | Cuarteto | | | |

Vigo a de de 2018

| | | |
|--|---|--------------------|
| Sinatura do/a secretario/a da Federación | Conforme do/da presidente/a da Federación | Selo da Federación |
|--|---|--------------------|

ANEXO I.4.-DECLARACIÓN RESPONSABLE

| | | | |
|----------|--|------|--|
| Don/Dna. | | DNI. | |
|----------|--|------|--|

NO CASO DE MENORES DE IDADE, na súa representación, PAI, NAI, REPRESENTANTE LEGAL,

| | | | | | |
|-----------|--|-------------|--|------|--|
| Apelidos: | | Nome: | | DNI: | |
| Enderezo: | | Localidade: | | CP: | |
| Tlf 1: | | Tlf 2: | | | |
| E-mail: | | | | | |

Declara,

Ter solicitadas e/ou ten concedidas as seguintes subvencións para o desenvolvemento do programa obxecto da solicitude de subvención:

| Organismo no que ten solicitada e/ou concedida a subvención | Importe solicitado | Importe concedido |
|---|--------------------|-------------------|
| | € | € |
| | € | € |
| | € | € |
| | € | € |

Non estar incurso/a en ningunha das prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Cumprir os requisitos establecidos nas bases da convocatoria de subvención, e que se autoriza ó Concello de Vigo a facer as verificacións necesarias.

Estar informado/a e autorizar a verificación dos datos incluídos na solicitude de subvención nas áreas competentes, incluídos os datos fiscais

Atoparme ao corrente de pagos coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, a Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Seguridade Social e co Concello de Vigo, substituindo esta declaración ós certificados emitidos por ditos organismos, e autorizando á Concellería de Deportes a facer as verificacións posteriores necesarias.

| | | |
|---|-----|--|
| Que o importe do IVE derivado dos gastos da axuda a xustificar en relación á subvención concedida pola Concellería de Deportes do Concello de Vigo en relación ó desenvolvemento do proxecto subvencionado é asumido polo/a beneficiario/a ao non poder deducilo. | Si | |
| | Non | |

Vigo, de de 2018

Sinatura do/da solicitante ou do seu representante legal no caso de menores.



Concello de Vigo

ANEXO II.2.-DECLARACIÓN RESPONSABLE

Don/Dña DNI

NO CASO DE MENORES DE IDADE, na súa representación, PAI, NAI, REPRESENTANTE LEGAL,

Apelidos: Nome: DNI:

DECLARA:

1. Que todos os datos que contén a conta xustificativa se axustan á realidade e cumpren coas bases do programa de subvencións obxecto da solicitude.
2. Que a actividade deportiva subvencionada realizouse tal como figura na memoria presentada e cumprindo todas as características que se declararon na solicitude de subvención.
3. Que a actividade que foi obxecto da subvención foi executada na súa totalidade e o seu custo total foi de €
4. Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presentan, aplicáronse á actividade subvencionada.
5. Que as subvencións ou achegas obtidas para as actividades subvencionadas non superaron o custe total da mesma.
6. Atoparse ó corrente coas obrigas tributarias da Seguridade Social, Axencia Tributaria, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e o Concello de Vigo, non é debedora por resolución de procedencia de reintegro e que foi practicada a pertinente retención sobre a Renda das Persoas Físicas sobre os gastos que están suxeitos á retención, así como que esta foi practicada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria (No caso de empregar ditos Xustificantes).
7. Que autoriza ó servizo de Deportes do Concello de Vigo a comprobar a situación de débedas do/da solicitante coa AEAT, a Seguridade Social e co Concello de Vigo.
8. Que ten solicitadas, concedidas e ou recibiu as seguintes subvencións para o desenvolvemento da mesma actividade subvencionada polo Concello de Vigo:

| Organismo no que ten solicitada e/ou concedida a subvención | Importe solicitado | Importe concedido | Importe recibido |
|---|--------------------|-------------------|------------------|
| | € | € | € |
| | € | € | € |
| | € | € | € |
| | € | € | € |
| | € | € | € |

Vigo, de de 2018

Sinatura do/da solicitante Sinatura do/da representante legal, de ser o caso

S.extr.urx. 10/08/18



Concello de Vigo

ANEXOS ENTIDADES DEPORTIVAS:

ANEXO I.1.- INSTANCIA DE SOLICITUDE ENTIDADES

SOLICITUDE SUBVENCIÓN INDIVIDUAL ALTO NIVEL TEMPADA 2017/2018

| | | | | | |
|----------------------------------|--|--|-------------|------|--|
| Entidade | | | | CIF: | |
| Modalidade: | | | | | |
| Enderezo | | | Localidade: | | |
| Tlf. 1 | | | Tlf.2 | | |
| E-Mail a efectos de notificación | | | | | |

| | | | | | |
|--|--|--|-------------|---------|--|
| E na súa representación, co cargo de Presidente/a: | | | | | |
| Apelidos: | | | Nome: | | |
| Enderezo: | | | Localidade: | | |
| Tlf 1: | | | Tlf 2: | | |
| | | | | E-mail: | |

SOLICITA,

da Concellería de Deportes do Concello de Vigo, unha subvención por importe de€ , polo desenvolvemento do programa deportivo de participación en competicións de alto nivel durante a Tempada deportiva 2017/2018 ou o ano 2017 segundo o caso.

Documentación obrigatoria que se achega coa solicitude:

- 1. Anexo I.1:** Instancia de solicitude.
- 2. Anexo I.2:** Certificado de competicións e Certificado federativo individual de competicións.
- 3. Anexo I.3:** Orzamento equilibrado de Ingresos e de gastos do programa.
- 4. Anexo I.4:** Declaración responsable
- 5. Proxecto de participación en competicións de alto nivel obxecto da solicitude.**
- 6. Copia do DNI do/da presidente/a da entidade.**
- 7. Copia do CIF, copia da acta de constitución da actual xunta directiva.**
- 8. Copia do DNI dos/das deportistas integrados no programa obxecto da solicitude e das licencias deportivas compulsadas.**
- 9. Certificados emitidos polas Administracións Públicas de estar ó corrente coas obrigas da Tesourería Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.**
- 10. Certificado orixinal da titularidade da conta bancaria da entidade solicitante.**

O/A que abaixo asina declara que reúne os requisitos establecidos no artigo 10 da LSG, e que todos os datos que contén esta solicitude axústanse ós requisitos establecidos, e que nos comprometemos a cumprir co disposto nas bases da subvención, e polo tanto solicito. Así mesmo autorízase ó Concello de Vigo a solicitar e/ou verificar de oficio os datos e certificados que estime oportunos en relación á solicitude presentada.

| | |
|---------------------------------|--|
| A completar pola Administración | |
| Data de entrada | |
| Nº expediente | |

Sinatura do solicitante Selo da entidade

| | |
|--|--|
| | |
|--|--|

Vigo, de de 2018
Sr. CONCELEIRO DELEGADO DE DEPORTES

ANEXO I.2. CERTIFICADO DE COMPETICIÓN-ENTIDADES

| | | | |
|------------------------------------|--|------|--|
| Don/Dna | | DNI | |
| Secretario/a da entidade deportiva | | CIF. | |

CERTIFICA,

que os/as deportistas relacionados a continuación formaron parte do programa deportivo de participación en competicións de alto nivel durante a tempada deportiva 2017/2018 obxecto da solicitude de subvención:

| Apelidos | Nome | DNI | Categoría (Según idade) |
|----------|------|-----|-------------------------|
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |

*O listado deberá remitirse **asinado e selado pola Federación deportiva que corresponda** xunto cun anexo I.2 e I.3 por cada un/unha dos/das deportistas.

Vigo, de de 2018

| | | |
|----------------------------|-----------------------------|------------------|
| Sinatura do/a secretario/a | Conforme do/da presidente/a | Selo da entidade |
|----------------------------|-----------------------------|------------------|



Concello de Vigo

ANEXO I.2.CERTIFICADO INDIVIDUAL DE COMPETICIÓNS DE ALTO NIVEL (Cont.)

A CUMPLIMENTAR POLA FEDERACIÓN

| | | | |
|--|--|-----|--|
| D/Dna. | | DNI | |
| Secretario/a da Federación | | | |
| CERTIFICA QUE son certos os datos que a continuación se detallan: | | | |

| | | | |
|--|--|-----------|--|
| D/Dna. | | DNI | |
| Nº Lic | | Categoría | |
| Club | | CIF | |
| Sede Social Club co que compite (Cidade) | | | |

Participou, entre o 01/09/2017 e o 30/08/2018, nas competicións que a continuación se detallan segundo os datos que se especifican:

1. Posto Ranking Nacional (De existir):

| | |
|------------------|---------------------------------------|
| Posto no Ranking | Nº deportistas que integran o Ranking |
| | |

2. Datos competicións:

| | | | |
|---------------------------------------|----------------------------------|--------------------------------|--|
| Nome oficial da competición 1: | | | |
| a) Nivel da competición: | b) Categoría: | c) Lugar de celebración | |
| Campionato do Mundo | Absoluta | España/Portugal | |
| Campionato de Europa | Outras categorías | Resto do Mundo (País) | |
| Copa do Mundo | | | |
| Copa de Europa | | | |
| Campionato de España | | | |
| Circuito Internacional oficial | | | |
| | d) Acceso á competición | e) Posto: | |
| | Ranking | | |
| | Fase Previa | | |
| | Invitación (Deporte adaptado) | | |
| f) Duración da competición: | g) Formato participación: | | |
| Data Inicio oficial | Individual | | |
| Data Fin oficial | Parella | | |
| | Trío | | |
| | Cuarteto | | |

ANEXO 1.2.CERTIFICADO INDIVIDUAL DE COMPETICIÓN DE ALTO NIVEL (Continuación)

Nome oficial da competición 2: _____

| | | |
|---------------------------------|--------------------------------|--------------------------------|
| a) Nivel da competición: | b) Categoría: | c) Lugar de celebración |
| Campionato do Mundo | Absoluta | España/Portugal |
| Campionato de Europa | Outras categorías | Resto do Mundo (País) |
| Copa do Mundo | | |
| Copa de Europa | | |
| Campionato de España | | |
| Circuito Internacional oficial | | |
| | d) Acceso á competición | e) Posto: |
| | Ranking | |
| | Fase Previa | |
| | Invitación (Deporte adaptado) | |

| | |
|------------------------------------|----------------------------------|
| f) Duración da competición: | g) Formato participación: |
| Data Inicio oficial | Individual |
| Data Fin oficial | Parella |
| | Trío |
| | Cuarteto |

Nome oficial da competición 3: _____

| | | |
|---------------------------------|--------------------------------|--------------------------------|
| a) Nivel da competición: | b) Categoría: | c) Lugar de celebración |
| Campionato do Mundo | Absoluta | España/Portugal |
| Campionato de Europa | Outras categorías | Resto do Mundo (País) |
| Copa do Mundo | | |
| Copa de Europa | | |
| Campionato de España | | |
| Circuito Internacional oficial | | |
| | d) Acceso á competición | e) Posto: |
| | Ranking | |
| | Fase Previa | |
| | Invitación (Deporte adaptado) | |

| | |
|------------------------------------|----------------------------------|
| f) Duración da competición: | g) Formato participación: |
| Data Inicio oficial | Individual |
| Data Fin oficial | Parella |
| | Trío |
| | Cuarteto |

Vigo a de de 2018

| | | |
|--|---|--------------------|
| Sinatura do/a secretario/a da Federación | Conforme do/da presidente/a da Federación | Selo da Federación |
|--|---|--------------------|

Nota: A entidade solicitante anexará un certificado individual por cada un/unha dos/das deportistas relacionados/as.

ANEXO I.4.-DECLARACIÓN RESPONSABLE-ENTIDADES

| | | | |
|------------------------------------|--|------|--|
| Don/Dna. | | DNI. | |
| Secretario/a da entidade deportiva | | CIF | |

Declara,

- Que esta entidade deportiva solicitou e/ou ten concedidas as seguintes subvencións para o desenvolvemento do programa obxecto da solicitude de subvención:

| Organismo no que ten solicitada e/ou concedida a subvención | Importe solicitado | Importe concedido |
|---|--------------------|-------------------|
| | € | € |
| | € | € |
| | € | € |
| | € | € |

Que a entidade deportiva non está incurso en ningunha das prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que segundo consta na acta nºda sesión da xunta directiva celebrada na data, D/Dna..... con DNI:, figura co cargo de Presidente/a, o que lle outorga, segundo os Estatutos da entidade, a representación legal da entidade.

Que os/as deportistas integrados na solicitude de subvención cumpren os requisitos establecidos nas bases da convocatoria de subvención, e que se autoriza ó Concello de Vigo a facer as verificacións necesarias.

Que os/as deportistas, ou os seus representantes legais de ser o caso, están informados e consenten a verificación dos datos incluídos na solicitude de subvención nas áreas competentes.

No caso de solicitar unha subvención por importe inferior a 3.000,00€, certifico que a entidade se atopa ao corrente de pagos coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, a Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Seguridade Social e co Concello de Vigo, substituindo esta declaración ós certificados emitidos por ditos organismos, e autorizando á Concellería de Deportes a facer as verificacións posteriores necesarias.

| | | |
|--|-----|--|
| Que o importe do IVE derivado dos gastos da axuda a xustificar en relación á subvención concedida pola Concellería de Deportes do Concello de Vigo vinculados ó desenvolvemento do proxecto subvencionado é asumido polo/a beneficiario/a ao non poder deducilo. | Si | |
| | Non | |

Vigo, de de 2018

| | | |
|--------------------------|---------------------------|------------------|
| Sinatura do secretario/a | Conforme o/a presidente/a | Selo da Entidade |
|--------------------------|---------------------------|------------------|



Concello de Vigo

ANEXO II.2.-DECLARACIÓN RESPONSABLE-ENTIDADES

| | | | |
|--------------------------|--|------|--|
| D/Dna. | | DNI: | |
| Secretario/a da Entidade | | CIF: | |

DECLARA:

1. Que todos os datos que contén a conta xustificativa se axustan á realidade e cumpren coas bases do programa de subvencións obxecto da solicitude.
2. Que a actividade deportiva subvencionada realizouse tal como figura na memoria presentada e cumprindo todas as características que se declararon na solicitude de subvención.
3. Que a actividade que foi obxecto da subvención foi executada na súa totalidade e o seu custo total foi de
4. Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presentan, aplicáronse á actividade subvencionada.
5. Que as subvencións ou achegas obtidas para as actividades subvencionadas non superaron o custe total da mesma.
6. Que a entidade atópase ó corrente coas obrigas tributarias da Seguridade Social, Axencia Tributaria, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e o Concello de Vigo, non é debedora por resolución de procedencia de reintegro e que foi practicada a pertinente retención sobre a Renda das Persoas Físicas sobre os gastos que están suxeitos á retención, así como que esta foi practicada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria (No caso de empregar ditos Xustificantes).
7. Que autoriza ó servizo de Deportes do Concello de Vigo a comprobar a situación de débedas da entidade coa AEAT, a Seguridade Social e co Concello de Vigo.
8. Que esta entidade deportiva ten solicitadas, concedidas e ou recibiu as seguintes subvencións para o desenvolvemento da mesma actividade subvencionada polo Concello de Vigo:

| Organismo no que ten solicitada e/ou concedida a subvención | Importe solicitado | Importe concedido | Importe recibido |
|---|--------------------|-------------------|------------------|
| | € | € | € |
| | € | € | € |
| | € | € | € |
| | € | € | € |
| | € | € | € |

Vigo, de de 2018

| | | |
|-----------------------------|-----------------------------|-------------------|
| Sinatura do/da secretario/a | Conforme do/da Presidente/a | Selo da entidade: |
| | | |



Concello de Vigo

ANEXO III.1.

CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE SUBVENCÍONS ORIENTADAS A POTENCIAR PROGRAMAS DE PARTICIPACIÓN DE DEPORTISTAS DA CIDADE DE VIGO EN COMPETICÍONS OFICIAIS DE ALTO NIVEL NA TEMPADA DEPORTIVA 2017/2018

O obxecto desta convocatoria ven a desenvolver as actuacións de promoción do deporte en beneficio do desenvolvemento deportivo local, definidas no ámbito do artigo 25.2. apartado l) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, e así mesmo, dita actuación atópase recollida no ámbito das competencias definidas para os municipios no artigo 8 apartados 2 e 9, da Lei 3/2012 de 2 de abril del deporte de Galicia.

PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

O obxecto das subvencións a que se refiren as presentes bases é potenciar a participación de deportistas da cidade de Vigo en competicións oficiais de alto nivel no período comprendido entre o 1 de setembro de 2017 e o 30 de agosto do 2018.

SEGUNDA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 50.000,00 € (Cincuenta mil Euros) que se farán efectivas con cargo á partida orzamentaria 3410.480.00.00 "Axudas a deportistas individuais de elite". Poderán outorgarse subvencións superando esta contía sen nova convocatoria cando se dean as circunstancias previstas no artigo 31.2 da Lei de subvencións de Galicia.

TERCEIRA. - REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS.

Poderán solicitar esta subvención:

–Deportistas de forma individual (ou os seus representantes legais no caso de menores de idade) que cumpran os requisitos establecidos nas bases da convocatoria.

–Entidades deportivas en representación dos/das deportistas individuais vinculados/as con elas incluídos nos seus programas de participación en competicións de alto nivel, e que cumpran cos requisitos establecidos nas bases da convocatoria.

CUARTA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCÍONS.

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva que se iniciará de oficio tras a aprobación das presentes bases e convocatoria pola Xunta de Goberno Local.

QUINTA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, será de 15 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

SEXTA.- BASES REGULADORAS.

1.- A convocatoria coas bases reguladoras da concesión das axudas será publicada no correspondente diario oficial, anunciada na prensa local con referencia ó boletín oficial no que aparece publicada, e na paxina web www.vigo.org, unha vez aprobada pola Xunta de Goberno Local.

A presente convocatoria e as súas bases reguladoras, así como o modelo de solicitude e demais modelos normalizados que constitúen os seus anexos, necesarios para a demanda de estas axudas, facilitaranse nas oficinas da Concellería de Deportes e na propia paxina web do Concello de Vigo.

SÉTIMA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO E PRAZO PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN.

1.- A Concellería de Deportes será a encargada da instrución do procedemento de concesión das subvencións. A avaliación das mesmas realizarase por unha Comisión de Valoración composta polo Concelleiro de deportes, o Xefe de servizo da área de Deportes e un Técnico da mesma área que actuará como secretario.

OITAVA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCÍONS.

As beneficiarias das subvencións deberán xustificar antes de 2 de novembro de 2018 (Incluído) o cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos.

O prazo sinalado para a xustificación poderá ser ampliado si concorreran causas que o xustificuen, previa aprobación do mesmo por parte da Xunta de Goberno Local.

NOVENA.- PAGO.

1.- O pago da subvención terá lugar tras a xustificación pola beneficiaria da actividade para a que se concedeu a subvención.

ANEXO III.2.

Extracto do acordo da Xunta de Goberno Local de data (completar unha vez aprobado) de 2018, polo que se aproba a convocatoria específica para o desenvolvemento do proxecto de subvencións orientadas a potenciar programas de participación de deportistas da cidade de Vigo en competicións oficiais de alto nivel na tempada deportiva 2017/2018.

“De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCÍÓN.

Contribuír a financiar os gastos orientados a potenciar a participación de deportistas da cidade de Vigo en competicións oficiais de alto nivel no período comprendido entre o 1 de setembro de 2017 e o 30 de agosto do 2018.



Concello de Vigo

SEGUNDA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 50.000,00 € (Cincuenta mil Euros) que se farán efectivas con cargo á partida orzamentaria 3410.480.00.00.

TERCEIRA. - BENEFICIARIOS.

Deportistas de forma individual (ou os seus representantes legais no caso de menores de idade) que cumpran os requisitos establecidos nas bases da convocatoria e entidades deportivas en representación dos/das deportistas individuais vinculados/as con elas incluídos nos seus programas de participación en competicións de alto nivel, e que cumpran cos requisitos establecidos nas bases da convocatoria.

CUARTA.- PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCÍONS.

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva.

QUINTA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

O prazo para presentar as solicitudes a esta convocatoria será de 15 días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

SEXTA.- BASES REGULADORAS.

As Bases reguladoras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO), remitirase a Convocatoria á Base de datos Nacional de Subvencións, que será quen lle dea traslado ao BOPPO do extracto da mesma, sen perxuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo.

SÉTIMA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCÍONS.

As beneficiarias das subvencións deberán xustificar antes de 2 de novembro de 2018 (Incluído).

4(866).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O CENTRO VECIÑAL E CULTURAL DE VALADARES PARA A ORGANIZACIÓN DA FESTA DO POLBO 2018. EXPTE. 7540/335

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 02/08/18 e o informe de fiscalización do 10/08/18, dáse conta do informe-proposta do 02/08/18, asinado pola técnica de Xestión do Servizo de Festas, conformado pola xefa do Servizo, pola concelleira-delegada da Área de Festas e Turismo e polo concelleiro-delegado de Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A concelleira delegada da Área de Festas e Turismo resolveu en data 17 de xullo de 2018, que se iniciase o expediente necesario para a redacción dun convenio de colaboración co "Centro Veciñal e Cultural de Valadares" (CIF G-36.805.158), para a realización da "Festa do Polbo 2018", o vindeiro 12 de agosto, no Parque Forestal do Monte dos Pozos (Valadares), dentro da programación "Vigo en Festas 2018".

A Festa Gastronómica do Polbo ven organizándose nos últimos anos no Parque Forestal do Monte dos Pozos con gran éxito organizativo e aceptación entre os cidadáns. Este programa vén sendo desenvolvido polo Centro Veciñal e Cultural de Valadares (CIF G-36.805.158), que conta como fins, entre outros e segundo os seus estatutos, os de: organizar actividades educativas, culturais, deportivas e sociais diversas.

O Centro Veciñal e Cultural de Valadares está en condicións de organizar a Festa Gastronómica do Polbo 2018, conforme ao Programa e ao Presuposto, recollidos como Anexo do texto do convenio. A presente edición da Festa do Polbo se desenvolverá o día 12 de agosto de 2018, co despacho de pratos de Polbo, actuación do grupo de gaitas "Aturuxo", apertura de exposicións no recinto da festa e obradoiros de labores, grupos de Danzas e Cantares de Cortegada (Aveiro-Portugal), exhibición da Escola de Xadrez de Valadares, recepción de autoridades e entrega de distincións parroquiais no eido social, cultural e deportivo, concerto da Unión Musical de Valadares, obradoiros infantís a cargo de Maisquebrincos, actuación do grupo "Cantareiras do Alba", baile galego cos grupos "Ledicias" e "Amieiras", representación do grupo de "Teatro Escolade", banco do tempo, masterclass de zumba e actuación da Unión Musical de Valadares e por último, o fin de Festa Gastronómica do Polbo.

O Concello de Vigo vén levando a cabo dende hai anos unha importante labor para apoiar, potenciar e difundir entre toda a cidadanía unha oferta cultural diversificada que albergue o maior número posíbel de actividades dirixidas a todos os sectores culturais. Dentro de esta oferta vense incluíndo no programa "Vigo en Festas" dos últimos anos unha serie de festas de enxalzamento gastronómico, co obxecto de potenciar os produtos das nosas rías como o mexillón, a sardiña e o pobo.

O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas aos municipios nos artigos 25.2.m e 127 da Lei 7/1985 e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

O expediente de referencia ten por obxecto a aprobación dun convenio para a concesión dunha subvención polo procedemento de réxime directo. Este convenio incorpora os contidos mínimos esixidos para a concesión destas subvencións polo artigo 26.2 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e pola Base 38 de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo, contidos que se estiman conformes ao interese público que o convenio persegue.

O convenio é un dos que poden celebrar as administracións públicas con persoas xurídicas privadas, co obxecto de satisfacer os intereses públicos que teñen encomendados e que non se poden cualificar como un contrato administrativo típico na medida en que non se corresponden co obxecto dun contrato de servizos por conter determinadas peculiaridades respecto das pretensións que deben realizar as entidades convenientes e especialmente a inexistencia dun prezo en sentido estrito, ao limitarse a achega económica do Concello a compensar estritamente os gastos realizados polas entidades para a realización das actividades. Este convenio regularase igualmente pola Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.

O Concello de Vigo e o Centro Veciñal e Cultural de Valadares veñen asinando dende o ano 1996 e de forma ininterrompida convenios de colaboración similares para desenvolver este evento, acadando uns resultados moi satisfactorios para ambas as partes.



Concello de Vigo

Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública, se outorguen directamente.

A presente axuda acóllese ao réxime excepcional de concesión directa, conforme ao artigo 22.2 da Lei 38/2003, atopándose a tal fin previsión nominativa a favor do Centro Veciñal e Cultural de Valadares. O Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na aplicación 3380.489.0006, prevé a concesión dunha subvención directa de carácter nominativo, a través do correspondente convenio por importe de 9.500,00 (nove mil cincocentos) euros a favor do Centro Veciñal e Cultural de Valadares para coadxuvar aos gastos de desenvolvemento do programa "Festas de Vigo 2018"

O importe total deste convenio, de carácter anual, con todos os conceptos e impostos incluídos, ascende a 9.500,00 euros.

Este convenio, queda suxeito ao cumprimento pola entidade dun determinado obxectivo de utilidade pública e interese social. A entidade encargárase da organización xeral do evento e asumirá todos os gastos derivados da mesma e que, segundo o presuposto presentado, ascenden a un total de 22.000,00 euros.

Pola súa banda, o Concello de Vigo, ademais de achegar a cantidade económica indicada, solicitará a presenza dos servizos de Protección civil e Policía local nos espectáculos e editará o material gráfico para a difusión da festa da sardiña.

O réxime xurídico de aplicación do presente convenio será a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento, así como a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións BDNS operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido na Lei 38/2003, nos artigos 20. 4 e 8 b).

De conformidade co artigo 127.g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno local a aprobación do convenio e, con carácter previo, a aprobación do gasto de conformidade co previsto no artigo 31 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia. Así mesmo, queda facultada a concelleira delegada da Área de Festas e Turismo para asinar o citado convenio, ao amparo do Decreto de delegación de competencias da Alcaldía de 19 de xuño de 2015.

Á vista do exposto, previo os informes xurídico e da Intervención de fondos, coa conformidade da concelleira de Festas e Turismo e do concelleiro de Orzamentos e Facenda, faise á Xunta de Goberno local a seguinte



Concello de Vigo

II.- O Concello de Vigo e o Centro Veciñal e Cultural de Valadares, veñen asinando dende o ano 1996 e de forma ininterrompida, convenios de colaboración para desenvolver a Festa Gastronómica do Polbo, cuns resultados acadados moi satisfactorios para ambas as partes.

III.- O Centro Veciñal e Cultural de Valadares ten entre outros fins, e segundo os seus estatutos, os de: organizar actividades educativas, culturais, deportivas e sociais diversas.

IV.- O Concello de Vigo vén organizando o programa de actividades “Vigo en Festas 2018” que se desenvolve nos meses de xullo e agosto na cidade de Vigo, co obxecto de potenciar a oferta cultural que lle achega á cidadanía; neste sentido existe un grande interese en apoiar as festas gastronómicas de enxalzamento de produtos da nosa ría, como son o polbo, a sardiña e o mexillón, así como os nosos folclore e cultura populares. De igual maneira, o Concello está interesado en achegarlle á cidadanía unha oferta cultural diversificada e popular que albergue o maior número posíbel de actividades, dirixidas a todos os sectores culturais.

V.- O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas aos municipios no artigo 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

VI.- O artigo 72 da Lei 7/1985 fai referencia á conveniencia da participación de entidades de carácter sociocultural como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofertados polas entidades locais.

VII.- Conforme o disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento adecuado para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente.

VIII. O Concello de Vigo no seu vixente presuposto, na aplicación orzamentaria 3380.489.0006, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe 9.500,00 (nove mil cincocentos) euros, a favor do Centro Veciñal e Cultural de Valladares para o desenvolvemento da Festa do Polvo 2018.

IX.- O Centro Veciñal e Cultural de Valadares non está incurso en prohibición para ser beneficiario das subvencións obxecto da Lei de Galicia 9/2007, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente nº 7540/335.

En base ás precedentes consideracións e ao interese cultural que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade do CENTRO VECIÑAL E CULTURAL DE VALADARES, o CONCELLO DE VIGO e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base aos seguintes

PACTOS

Primeiro.- O Centro Veciñal e Cultural de Valadares comprométese a colaborar co Concello en canto ao desenvolvemento da Festa do Polbo 2018 que terá lugar no Parque Forestal do Monte dos Pozos de Valadares o día 12 de agosto de 2018, en particular a:

1º. Asumir todo o concernente á organización das actividades obxecto do convenio, achegando toda infraestructura e equipo humano necesarios para tal fin, seguro de responsabilidade civil así como cumprir a programación que consta no expediente.

2º.- Asumir todos os gastos que se deriven deste convenio, agás os que especifiquen como responsabilidade do Concello.

3º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización desta actividade.

4º.- Comezar as actividades do programa á hora anunciada ao público e comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, para realizar as correccións técnicas que resulten necesarias.

5º.- Xestionar e aboar a cantidade que corresponda polos dereitos de autor que se xeren pola programación que figura nesta expediente.

6º.-Distribuír o material publicitario editado con motivo das festas, entregado polo Concello.

7º.- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento da actividade, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento das actividades; a ENTIDADE entregará ao CONCELLO copia da póliza e do recibo correspondente, nos días previos ao inicio da festa.

8º.- Deixar a zona do Monte dos Pozos que se utilice para a festa en perfectas condicións de limpeza e respectando a natureza do entorno.

9º.- Contratar a elaboración dun Plan de Autoprotección que avalíe os riscos que se poidan derivar da execución do programa de actividades, cumprindo coas recomendacións que deriven do mesmo, se así o require o Servizo de Seguridade e Mobilidade.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa organización da festa en xestións como a presenza da Policía Local e Protección Civil, para o seu bo desenvolvemento.



Concello de Vigo

2º.- Achegar un total de cincocentos carteis con motivo da festa, que entregará á entidade beneficiaria para a súa distribución, cunha antelación mínima de dez días.

3º.- Incluír esta actividade na campaña de publicidade que o Concello realice con motivo do programa das "Vigo en Festas 2018".

4º.- Achegar unha banda popular de música con cargo ao convenio asinado polo Concello coa Federación de Bandas populares de música de Vigo.

5º.- Conceder directamente ao Centro Veciñal e Cultural de Valadares, unha subvención por importe de 9.500,00 (nove mil cincocentos) euros co obxecto de coadxuvar ao financiamento da organización da Festa do Polbo 2018.

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- O pagamento da cantidade estipulada no pacto segundo deste convenio efectuarase por transferencia bancaria á conta corrente número IBAN ES87 2080 5082 3630 4000 7433 da entidade ABANCA, e da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas segundo o establecido no pacto noveno.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo do Concello de Vigo e da imaxe corporativa do evento en todos o soportes publicitarios que edite.

Oitavo.- En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC) o

CENTRO VECIÑAL E CULTURAL DE VALADARES, está obrigado a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org>

A tenor do disposto no artigo. 81 do regulamento da L.X.S. establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 e xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.

No caso de que se achegue a documentación de forma presencial, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considérase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizada a subsanación.

Noveno.- A beneficiaria, unha vez rematada a actividade subvencionada e antes do mes de decembro, deberá xustificar o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto, a conta xustificativa a render deberá conter:

a) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actividades desenvolvidas dentro do programa, datos de participación global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) **Memoria económica** xustificativa do custo das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se acheguen con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.
- Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.
- As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. As facturas cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a



Concello de Vigo

facturación electrónica equivalentes. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.

De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas. A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Galicia 9/2007.

Décimo.- No caso de que a Asociación se opoña expresamente a que o Concello comprobe se aquela se atopa ao corrente nas súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro, a beneficiaria deberá acreditar estas circunstancias antes de proceder ao pagamento, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7.e da LG 9/2007. De non haber tal oposición expresa, o Concello recabará estes documentos de oficio, tal como establece o artigo 28.2 da Lei 39/2015, de 1 de decembro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico do convenio.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma, será comprobada polo Servizo de Festas do Concello de Vigo. O persoal técnico do Servizo de Festas emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Festas e Turismo e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da Lei de Galicia 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo Concello de Vigo. En toda a información editada figurarán o logotipo do Concello de Vigo e da Asociación, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa

conformidade previa do Servizo de Festas do Concello de Vigo, e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

Décimo xesto.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a presenza do persoal técnico do Servizo de Festas nas propias actividades programadas.

Décimo sétimo.- O presente convenio terá vixencia anual ata o 31 de decembro de 2018 e non será prorrogábel.

Décimo oitavo.- A concelleira delegada de Festas e Turismo queda facultada para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

Décimo noveno.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vixésimo.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015 e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Festas. A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Festas do Concello de Vigo.

Vixésimo primeiro.- A actividade obxecto deste convenio está destinada ao público en xeral, e o acceso á mesma será libre e gratuíto; o número de asistentes limitarase á capacidade do lugar onde se celebre. De todos os xeitos, as actividades, servizos ou produtos ofertados alí poderán traer consigo unha achega económica por parte dos usuarios (billetes, entradas, etc.).

Por este motivo, a entidade beneficiaria propondrá ao Concello os prezos para cada unha das actividades, servizos ou produtos, para obter a conformidade da concellería de Festas e Turismo. A entidade deberá expor durante a celebración da actividade, nun lugar perfectamente visíbel, o listado de prezos de venda ao público.

A tal fin, establececerase un sistema de control de ingresos procedentes do goce ou uso das distintas actividades, que poderán ser billetes ou xustificantes de ingresos, nos que deberán figurar os conceptos e importes, e que estarán numerados correlativamente. A entidade propondrá ao Concello os modelos de billetes ou xustificantes, e tamén o seu número, para obter a correspondente conformidade.



Concello de Vigo

Vixésimo segundo.- En cumprimento do establecido na resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido na Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións artigo 20.4 e 20.8.b.

Vixésimo terceiro.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; así como a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

5(887).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE “RENOVACIÓN DE PECHES NOS INSTITUTOS IES SANTA IRENE E IES SANTO TOMÉ DE FREIXEIRO”. EXPTE. 20097/240.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 07/08/18 e o informe de fiscalización do 08/08/18, dáse conta do informe-proposta do 06/08/18, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e conformado polo concelleiro-delegado da Área, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

1.- O orzamento municipal, aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo, en sesión ordinaria de 27 de decembro de 2017 recolle a aplicación orzamentaria 9330.632.0000 “investimentos de mellora no patrimonio municipal”.

2.- En data 19/20.03.2018 os Enxeñeiros Municipais, Dña. Cristina Tapias Bouso (Enxeñeira Industrial) e D. Jerónimo Centrón Castaños (Enxeñeiro de Caminos, Canais e Portos) redactan proxecto de obras de renovación do peche nos Institutos IES Santa Irene e IES San Tomé e Freixeiro. No citado proxecto exponse que “o peche dos institutos preséntase moi deteriorados polo paso do tempo e a exposición aos axentes atmosféricos, rematando coa súa vida útil en caso todo o seu perímetro. Atópanse con abundante óxido, suciedade incrustada e rotura dos soportes, con perigo de causar danos e derrube”.

3.- O Enxeñeiros municipal redactores do proxecto informan que o mesmo está suxeito

ás instrucións técnicas de obrigado cumprimento, que comprende os documentos necesarios (Memoria, Anexos, Planos e Orzamento) e que se trata de obra completa, non sendo necesario informe da oficina de supervisión de proxectos por non superar o importe establecido no artigo 235 da LCSP. Xustifícase a adecuación urbanística da actuación no citado proxecto. Ao mesmo incorporouse informe do servizo de patrimonio histórico de innecesiedade de autorización sectorial en materia de cultura regulada na Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.



4.- Por decreto do 11.05.2018 o Concelleiro Delegado da Área de Patrimonio (en base á delegación de 10.05.2018 da Xunta de Goberno Local) resolveu :

Aprobar o proxecto de “PROXECTO DE RENOVACIÓN DE PECHE NOS INSTITUTOS IES SANTA IRENE E IES SAN TOMÉ DE FREIXEIRO”, redactado pola Enxeñeiros Municipais, Dna. Cristina Tapias Bouso (Enxeñeira Industrial) e D. Jerónimo Centrón Castaños (Enxeñeiro de Caminos, Canais e Portos) redactan proxecto de obras de renovación do peche nos Institutos IES Santa Irene e IES San Tomé e Freixeiro, cun orzamento base de licitación máis IVE de CINCUENTA E OITO MIL TRESCENTOS CUARENTA E SETE EUROS CON VINTE CINCO CÉNTIMOS (58.347,25€), de data 19/20 de marzo de 2018.

5.- Ao expediente administrativo de contratación achégase o expediente núm 20.077-350 correspondente ao proxecto de obras, aprobado polo Concelleiro Delgado de Patrimonio en data 11.05.2018 de cuxa execución se trata. En dito proxecto de obras figura, como integrante do mesmo, o prego de prescricións técnicas particulares da execución da obra.

No expediente contratación consta a documentación que segue:

- a) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola Concelleiro Delegado de Patrimonio en data 11.05.2018 que se corresponde co expediente administrativo 20077-240, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado polos Enxeñeiros Municipais, Dna. Cristina Tapias Bouso (Enxeñeira Industrial) e D. Jerónimo Centrón Castaños (Enxeñeiro de Caminos, Canais e Portos) redactan proxecto de obras de renovación do peche nos Institutos IES Santa Irene e IES San Tomé e Freixeiro, cun orzamento base de licitación máis IVE de CINCUENTA E OITO MIL TRESCENTOS CUARENTA E SETE EUROS CON VINTE CINCO CÉNTIMOS (58.347,25€), de data 19/20 de marzo de 2018.
- b) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Xefe Administrativo e de Control Orzamentario e a Xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial e o Concelleiro Delegado de data 25.05.2018 onde se indica as finalidades institucionais competencia da Administración a satisfacer co obxecto do presente contrato.
- c) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro da Área de Patrimonio de data 25.05.2018.



Concello de Vigo

- d) Acta de replanteo asinada polo Enxeñeiro Municipal de Camiños, Canais e Portos de data 29.05.2018.
- e) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor de data 08.06.2018.
- f) Ficha inventario municipal Bens e Dereitos e ficha revisión inventario.
- g) Informe da Xefa do Servizo de Contratación indicando que o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública de data 05.07.2018
- h) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, redactado pola Xefa do Servizo de contratación de data 31.07.2018

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 19.06.2015), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que o acompaña, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.- O expediente tramítase polo procedemento establecido no artigo 159.6, por ser o valor estimado do contrato inferior aos 80.000 euros.

No mesmo xustificase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato, sendo un único criterio evaluable automaticamente (artigo 145.1 e 159.6.c LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP).

Non se esixe acreditación de solvencia económica nin técnica nin a xustificación (artigo 159.5.b) do procedemento por tratase dun procedemento aberto simplificado cun valor estimado inferior a 80.000 euros

Cuarto.- Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril). A proposta conta con cobertura orzamentaria contando con crédito suficiente no orzamento aprobado polo Pleno para o ano 2018.

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle ao Concelleiro Delegado da Área de Patrimonio por delegación da Xunta de Goberno Local na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP).

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídico, documento contable e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada do artigo 159.6 LCSP das obras do “Proxecto de renovación de peche nos Institutos IES Sante Irene e IES San Tomé de Freixeiro” redactado pola Enxeñeiros Municipais, Dña. Cristina Tapias Bouso (Enxeñeira Industrial) e D. Jerónimo Centrón Castaños (Enxeñeiro de Caminos, Canais e Portos) redactan proxecto de obras de renovación do peche nos Institutos IES Santa Irene e IES San Tomé e Freixeiro cun orzamento base de licitación máis IVE de CINCUENTA E OITO MIL TRESCENTOS CUARENTA E SETE EUROS CON VINTE CINCO CÉNTIMOS (58.347,25€), de data 19/20 de marzo de 2018.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato redactado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 31.07.2018.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de CINCUENTA E OITO MIL TRESCENTOS CUARENTA E SETE EUROS CON VINTE CINCO CÉNTIMOS (58.347,25€)
Para a súa financiación aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, incluídos na aplicación orzamentaria 9330.632.00.00 (Investimentos de mellora no patrimonio municipal).

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(888).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS NO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DAS RÚAS S.A-VENDAÑO, ROUPEIRO E H.BOTANA NO ENTORNO DA RÚA ROSALÍA. EXPTE. 20/441.

Dáse conta do informe-proposta do 09/08/18, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación” que di o seguinte:



Concello de Vigo

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización das rúas Serafín Avendaño, Roupeiro e Heraclio Botana no entorno da rúa Rosalía de Castro e García Barbón (20-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte os informes asinados pola enxeñeira de Camiños, Canles e Portos – FEDER VIGO VERTICAL e polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos – xefe do Servizo de Vías e Obras o 6 de agosto de 2018:

1. HIDROMIÑO, S.L.
2. C.D.INDEPO, S.L.
3. CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de humanización das rúas Serafín Avendaño, Roupeiro e Heraclio Botana no entorno da rúa Rosalía de Castro e García Barbón (20-441) na seguinte orde descendente:

| | Licitadores | Puntuación |
|----|--|------------|
| 1 | ORESA, S.L. | 95,79 |
| 2 | PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L. | 94,87 |
| 3 | MISTURAS, S.A. | 93,00 |
| 4 | CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A. | 91,79 |
| 5 | PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A. | 91,71 |
| 6 | NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U. | 91,54 |
| 7 | XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. | 91,31 |
| 8 | CONSTRUCCIONES OREGA, S.L. | 91,02 |
| 9 | NAROM, S.L. | 90,18 |
| 10 | CONSTRUCCIONES RAMIREZ, S.L. | 89,74 |
| 11 | EXCAV. Y CONSTRUCC. MANUEL PEREZ PORTELA, S.L. | 89,00 |
| 12 | CONSTRUCCIONES RAMON VAZQUEZ Y REINO, S.L. | 88,95 |
| 13 | CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L. | 88,93 |
| 14 | CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U. | 87,06 |
| 15 | ELSAMEX, S.A.U. | 86,31 |
| 16 | ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN, EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L. (ACEVI) | 85,84 |
| 17 | MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. (MARCONSA) | 84,72 |
| 18 | CONSTRUCCIONES VALE, S.L. | 83,52 |
| 19 | BCNOR GESTIÓN Y SOLUCIONES AVANZADAS, S.L. | 81,61 |
| 20 | OBRAS Y SERVICIOS GOMEZ CRESPO, S.L. | 80,65 |

| | Licitadores | Puntuación |
|----|------------------------------------|-------------------|
| 21 | EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR, S.L. | 75,97 |
| 22 | SESTRAMA IBERICA, S.L. | 74,41 |
| 23 | COPCISA, S.A. | 71,95 |
| 24 | NEMESIO ORDOÑEZ, S.A. | 68,29 |
| 25 | CONSERNOR, S.L. | 60,18 |

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORESA, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 1.069,20 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Acordo:

A Xunta de Goberno local queda informada.

7(889).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS NO PROCEDIMIENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “ACONDICIONAMENTO DE ESPAZO POLIDEPORTIVO CUBERTO NA RÚA ROMIL, Nº 77”. EXPTE. 37/441.

Dáse conta do informe-proposta do 09/08/18, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de “acondicionamento de espazo polideportivo cuberto na rúa Romil, nº 77” (37-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe asinado pola enxeñeira de



Concello de Vigo

Camiños, Canles e Portos – FEDER VIGO VERTICAL e polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos – xefe do Servizo de Vías e Obras o 7 de agosto de 2018:

1. CIVIS GLOBAL, S.L.U.
2. CONSTRUCCIONES ABAL, S.A.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de “acondicionamento de espazo polideportivo cuberto na rúa Romil, nº 77” (37-441) na seguinte orde descendente:

| | Licitadores | Puntuación |
|---|---|------------|
| 1 | CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L. | 91,60 |
| 2 | UTE PRECE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.-OGMIOS PROYECTO, S.L. | 91,11 |
| 3 | UTE XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. - CONSTRUCCIONES OREGA, S.L. | 86,74 |
| 4 | S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA. | 86,00 |
| 5 | OBRAS Y SERVICIOS GOMEZ CRESPO, S.L. | 80,51 |
| 6 | PRADO LAMEIRO, S.L. | 80,02 |
| 7 | COPCISA, S.A. | 75,98 |
| 8 | ORECO, S.A. | 66,82 |
| 9 | PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L. | 56,48 |

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

8(890).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS NO PROCEDIMIENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO REFORZO DA CAPA DE RODAXE DO FIRME DE CAMIÑO MUNICIPAL ANEXO Á ESTRADA DO ZONDAL, INICIO PP.KK. 4+800. EXPTE. 66/441.

Dáse conta do informe-proposta do 09/08/18, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

c) Procedemento aberto das obras do reforzo da capa de rodaxe do firme dun camiño municipal anexo á estrada do Zondal, inicio pp.kk. 4+800 (66-441)

Á vista das actuacións e acordos adoptados por esta Mesa de Contratación na sesión do 30 de xullo de 2018 na que se procedeu, entre outros, a descriptar os documentos que compoñen o sobre C *“Proposición avaliable mediante fórmula”* e a iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con TABOADA Y RAMOS S.L. por conter a súa oferta valores anormais; tendo en conta o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos – FEDER VIGO VERTICAL o 7 de agosto de 2018 sobre a xustificación presentada así como o previsto no apartado 7B do Anexo I -FEC- do PCAP, segundo o cal *“as ofertas ordenaranse por orde decrecente en función da redución do prezo ofertado resultando primeira clasificada a que oferte unha maior redución do mesmo”*; por unanimidade dos asistentes, proponse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta do acordo adoptado pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 30 de xullo de 2018, polo que non se admitiu neste procedemento a HORDESCON, S.L. por non ter cumprido os requisitos de presentación electrónica das proposicións esixidos no cláusula 14 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Segundo.- Excluir deste procedemento a CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L. por conter as súas ofertas valores anormais, sen que se tivesen xustificadas porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos – FEDER VIGO VERTICAL o 7 de agosto de 2018.

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto das obras do reforzo da capa de rodaxe do firme dun camiño municipal anexo á estrada do Zondal, inicio pp.kk. 4+800 (66-441) na seguinte orde descendente:

| | Licitador | Prezo |
|---|---|--------------|
| 1 | NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L. | 85.507,72 € |
| 2 | CONSTRUCCIONES VALE, S.L. | 86.407,15 € |
| 3 | NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A. | 89.710,22 € |
| 4 | MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE ARO-SA, S.L. (MARCONSA) | 96.803,41 € |
| 5 | CONSTRUCCIONES FECHI, S.L. | 100.154,20 € |
| 6 | MISTURAS OBRAS E PROYECTOS, S.A. | 100.688,94 € |
| 7 | NAROM, S.L. | 114.553,05 € |

Cuarto.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a



Concello de Vigo

contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
- 3.

Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Acordo:

A Xunta de Goberno local queda informada.

9(891).- PROPOSTA DE ABONAMENTO DE DIFERENCIAS, RETRIBUCIÓN COMPLEMENTARIAS FUNCIONARIOS EN PRÁCTICAS. EXPTE. 31083/220.

Visto o informe de fiscalización do 08/08/18, dáse conta do informe-proposta do 10/07/18, da técnica de Admon. Xeral de RR HH, conformado pola xefa de área de RR HH e Formación e polo concelleiro-delegado de Persoal:

ANTECEDENTES

I.- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do día 30/12/2010, aprobou a oferta de emprego público municipal para o dito ano, que foi publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra de data 04/02/2011.

As bases xerais reitoras dos procesos selectivos derivados, foron aprobadas pola Xunta de Goberno Local o 14/09/2012 (BOP 31/10/2012) e as específicas (2ª Fase), aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesións do 05/12/2013 e 13/12/2013 e publicadas no BOP do 16/12/2013.

Foron convocadas, entre outras, dúas prazas de Inspector Principal, incluídas no Subgrupo A2 de titulación. Escala: Administración especial. Subescala: servizos especiais. Clase: Policía Local; categoría, Inspector Principal; tanda de acceso: promoción interna.

II.- Na Base VIII das específicas, en relación coa base décimo cuarta das xerais, os aspirantes aprobados unha vez aportada a documentación esixida serán nomeados funcionarios en prácticas, percibindo en tanto realizan o correspondente curso de capacitación, as retribucións que lle correspondan e demais previsións contidas no art. 2. do RD. 456/1986, de 10 de febreiro, modificado polo Real Decreto 213/2003, de 21 de febreiro, polo que se fixan as retribucións dos funcionarios en prácticas.

III.- En data 30/12/2016, a Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente, acordou: nomear funcionarios en prácticas con cargo ás prazas convocadas de Inspector/a Principal da Policía Local incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente aos anos 2010-2011, ós aspirantes propostos polo Órgano de

Selección, que superaron todos os exercicios do concurso-oposición pola quenda de promoción interna (os funcionarios nº persoal 76473 e nº persoal 18388).

IV.- En data 15/12/2017 o Director Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública expediu certificados conforme os funcionarios nº persoal 76473 e nº persoal 18388, superaron o curso selectivo de capacitación para a categoría de Inspector Principal, dos corpos da Policía Local de Galicia, convocado mediante resolución do 6/10/2017 e que foron presentados no Rexistro Xeral do Concello de Vigo en data 19/12/2017 (doc.170177317 e doc.170177487).

V.- A Xunta de Goberno Local en sesión do 1/03/2018 acorda nomear funcionarios de carreira con cargo ás prazas convocadas de Inspector/a Principal da Policía Local incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2010, aos funcionarios en prácticas, nº persoal 76473 e nº persoal 18388, nomeados pola Xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria e urxente, de 30/12/2016, ao ter superado o curso selectivo de capacitación para a categoría de Inspector Principal, dos corpos da Policía Local de Galicia, tomando posesión da súa praza en data 01/04/2018, unha vez publicado o seu nomeamento no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co previsto na Base Décimo sexta das Xerais da convocatoria, incluíndose en nómina con efectos do 02/04/2018.

VI.- En documentos 170165344 e 170179383 os funcionarios nº persoal 76473 e nº persoal 18388 solicitan “la restitución de los derechos retributivos dejados de percibir en las nóminas de Enero a Octubre de 2017, así como de la paga extraordinario de junio, y se garantice el cobreo futuro de aquellas”, toda vez que desde su nomeamento como funcionarios en practicas en data 30/12/2016 veñen asumindo as funcións e responsabilidades do posto de Inspector Principal..

VII.- Solicitado informe ao Servizo da Policía Local, en data 21/12/2017, en documento asinado polo Oficial de Recursos e polo Intendente Xefe da Policía Local, comunican que os funcionarios nº persoal 76473 e nº persoal 18388 “lleven realizando exactamente las mismas funciones propias del puesto de INSPECTOR PRINCIPAL desde el mes de enero de 2017”

VIII.- En data 27/06/2018 a Técnica de Formación e Avaliación emite informe no que consta que “as diferencias retributivas entre o posto de Inspector e o de Inspector Principal, dende o 1/1/2017 ata o 1/04/2018 ascendería a cantidade unitaria de 4067,24€, supoñendo un total de 8134,48 €.”

NORMATIVA DE APLICACIÓN

I.- Lei 7/1985, de 2 de abril, Lei de Bases do Réxime Local.

II.- RDL 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

III.- RD 456/1986, de 10 de febreiro, polo que se fixan as retribucións dos funcionarios en prácticas.



Concello de Vigo

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Con carácter previo resulta necesario deixar constancia de que o presente informe-proposta emítese ao abeiro do disposto no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, conténdose no mesmo a interpretación razoada e fundada en Dereito –xurídica, doutrinal e xurisprudencialmente motivada- da funcionaria suscribinte, na súa condición de técnico de Administración Xeral (rama xurídica) do Concello de Vigo; interpretación xurídica debidamente razoada ou *argumentum ad iudicium* que, como toda interpretación, resulta susceptible de ser contradita ou debatida coa correspondente argumentación xurídica *a sensu contrario*.

Por tal motivo, estímase necesario indicar que o órgano competente pode recabar, se así se estima oportuno e procedente, informe ou asesoramento adicional por parte do órgano responsable do asesoramento ao Alcalde e á Xunta de Goberno Local, nos termos do preceptuado no artigo 129 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

II.- Lexislación aplicable.

Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de retribucións dos funcionarios locais deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 92 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local: “Los funcionarios al servicio de la Administración local se rigen, en lo no dispuesto en esta Ley, por la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (actualmente TR 5/2015), por la restante legislación del Estado en materia de función pública, así como por la legislación del las Comunidades Autónomas, en los términos del artículo 149.1.18ª de la Constitución.

-o artigo 93 do mesmo corpo legal: “Las retribuciones básicas de los **funcionarios locales** tendrán la misma estructura e idéntica cuantía que las establecidas con carácter general para toda la función pública.

Las retribuciones complementarias se atenderán, asimismo, a la estructura y criterios de valoración objetiva de las del resto de los funcionarios públicos. Su cuantía global será fijada por el pleno de la corporación dentro de los límites máximos y mínimos que se señalen por el Estado.

Las Corporaciones locales reflejarán anualmente en sus Presupuestos la cuantía de las retribuciones de sus funcionarios en los términos previstos en la legislación básica sobre función pública.”

Así mesmo, tamén é preciso ter en conta o RD 158/1996, de 2 de febreiro (que modifica o RD 861/1986, de 25 de abril), sobre Réxime de Retribucións dos Funcionarios da Administración Local. Pola súa parte, a STS de 23 de xullo de 1996 rectifica o carácter básico de estas retribucións e, por conseguinte, a necesidade de adecuarse aos criterios fixados para a Administración do Estado.

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.-

(....) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública."

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmase que:

".....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) "El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución."

III.- Funcionarios en prácticas.-

Son funcionarios en prácticas aqueles que se encontran en período de prácticas o desenvolvendo cursos selectivos de cara a súa posterior incorporación a la función pública.

De conformidade co establecido no artigo 26 do TRLEBEP, "Las Administraciones Públicas determinarán las retribuciones de los funcionarios en prácticas que, como mínimo, se corresponderán a las del sueldo del Subgrupo o Grupo, en el supuesto de que éste no tenga Subgrupo, en que aspiren a ingresar"

De acuerdo con lo establecido en el Real Decreto 456/1986, de 10 de febrero, polo que se fixan as retribucións dos funcionarios en prácticas, tras seu nomeamento como tales, "percibirán una retribución equivalente al sueldo y pagas extraordinarias correspondientes al grupo en el que esté clasificado el cuerpo o escala en el que aspiren a ingresar.



Concello de Vigo

No obstante, si las prácticas se realizan desempeñando un puesto de trabajo, el importe anterior se incrementará en las retribuciones complementarias correspondientes a dicho puesto, y las retribuciones resultantes serán abonadas por el Departamento ministerial u organismo público al que esté adscrito el citado puesto de trabajo.

No artigo 2 do citado Real Decreto “Los funcionarios en prácticas que ya estén prestando servicios remunerados en la Administración como funcionarios de carrera o interinos o como personal laboral deben optar, al comienzo del período de prácticas, o del curso selectivo, por percibir, con cargo al Departamento ministerial u organismo público al que estén adscritos los puestos de trabajo de origen:

a) Las retribuciones correspondientes al puesto que estén desempeñando hasta el momento de su nombramiento como funcionarios en prácticas, además de los trienios que tuvieran reconocidos.

b) Las previstas en el artículo anterior, además de los trienios reconocidos. No obstante, si durante este período se desempeñara un puesto de trabajo como funcionario en prácticas, el abono de las retribuciones corresponderá al Departamento ministerial u organismo público al que esté adscrito el citado puesto de trabajo.

En todo caso, estos funcionarios en prácticas deberán reincorporarse, una vez finalizado el curso selectivo o período de prácticas, a su puesto de trabajo de origen hasta su toma de posesión como funcionario de carrera en el nuevo cuerpo o escala, sin perjuicio de lo dispuesto en la disposición adicional quinta del Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, por el que se aprueba el Reglamento General de Ingreso del Personal al Servicio de la Administración General del Estado y de Provisión de Puestos de Trabajo y Promoción Profesional de los Funcionarios Civiles de la Administración General del Estado.”

IV.- Aplicación ao caso concreto.-

No presente caso e tal como se expuxo nos antecedentes de este informe temos a seguinte secuencia temporal dos feitos que son imprescindibles para resolver a cuestión planteada: A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do día 30/12/2010, aprobou a oferta de emprego público municipal para o dito ano, que foi publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra de data 04/02/2011. As bases xerais reitoras dos procesos selectivos derivados, foron aprobadas pola Xunta de Goberno Local o 14/09/2012 (BOP 31/10/2012) e as específicas (2ª Fase), aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesións do 05/12/2013 e 13/12/2013 e publicadas no BOP do 16/12/2013. Foron convocadas, entre outras, dúas prazas de Inspector Principal, incluídas no Subgrupo A2 de titulación. Escala: Administración especial. Subescala: servizos especiais. Clase: Policía Local; categoría, Inspector Principal; tanda de acceso: promoción interna. Na Base VIII das específicas, en relación coa base décimo cuarta das xerais, os aspirantes aprobados unha vez aportada a documentación esixida serán nomeados funcionarios en prácticas, percibindo en tanto realizan o correspondente curso de capacitación, as retribucións que lle correspondan e demais previsións contidas no art. 2. do RD. 456/1986, de 10 de febreiro, modificado polo Real Decreto 213/2003, de 21 de febreiro, polo que se fixan as retribucións dos funcionarios en prácticas. En data 30/12/2016, a Xunta de Goberno Local en sesión

extraordinaria e urxente, acordou: nomear funcionarios en prácticas con cargo ás prazas convocadas de Inspector/a Principal da Policía Local incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente aos anos 2010-2011, ós aspirantes propostos polo Órgano de Selección, que superaron todos os exercicios do concurso-oposición pola quenda de promoción interna (os funcionarios nº persoal 76473 e nº persoal 18388).

En data 15/12/2017 o Director Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública expediu certificados conforme os funcionarios nº persoal 76473 e nº persoal 18388, superaron o curso selectivo de capacitación para a categoría de Inspector Principal, dos corpos da Policía Local de Galicia,

convocado mediante resolución do 6/10/2017 e que foron presentados no Rexistro Xeral do Concello de Vigo en data 19/12/2017 (doc.170177317 e doc.170177487). A Xunta de Goberno Local en sesión do 1/03/2018 acorda nomear funcionarios de carreira con cargo ás prazas convocadas de Inspector/a Principal da Policía Local incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2010, aos funcionarios en prácticas, nº persoal 76473 e nº persoal 18388, nomeados pola Xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria e urxente, de 30/12/2016, ao ter superado o curso selectivo de capacitación para a categoría de Inspector Principal, dos corpos da Policía Local de Galicia, tomando posesión da súa praza en data 01/04/2018, unha vez publicado o seu nomeamento no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co previsto na Base Décimo sexta das Xerais da convocatoria, incluíndose en nómina con efectos do 02/04/2018. En documentos 170165344 e 170179383 os funcionarios nº persoal 76473 e nº persoal 18388 solicitan “la restitución de los derechos retributivos dejados de percibir en las nóminas de Enero a Octubre de 2017, así como de la paga extraordinario de junio, y se garantice el cobreo futuro de aquellas”, toda vez que desde su nomeamento como funcionarios en practicas en data 30/12/2016 veñen asumindo as funcións e responsabilidades do posto de Inspector Principal. Solicitado informe ao Servizo da Policía Local, en data 21/12/2017, en documento asinado polo Oficial de Recursos e polo Intendente Xefe da Policía Local, comunican que os funcionarios nº persoal 76473 e nº persoal 18388 “lleven realizando exactamente las mismas funciones propias del puesto de INSPECTOR PRINCIPAL desde el mes de enero de 2017”

Á vista dos feitos expostos e preciso acudir para resolver a cuestión ao Real Decreto 456/1986, de 10 de febreiro, polo que se fixan as retribucións dos funcionarios en prácticas, o cal no seu artigo 1º determina que:

“ Quienes, a partir de la entrada en vigor del presente Real Decreto, se encuentren en período de prácticas o desarrollando cursos selectivos de los previstos en el artículo 22 del Real Decreto 2223/1984, de 19 de diciembre, serán nombrados funcionarios en prácticas, y percibirán una retribución equivalente al sueldo y pagas extraordinarias correspondientes al grupo en el que esté clasificado el cuerpo o escala en el que aspiren a ingresar.

No obstante, **si las prácticas se realizan desempeñando un puesto de trabajo, el importe anterior se incrementará en las retribuciones complementarias correspondientes a dicho puesto,** y las retribuciones serán abonadas por el



Concello de Vigo

Departamento ministerial u organismo público al que esté adscrito el citado puesto de trabajo.”

Partindo dunha interpretación literal do precepto entendo que a única premisa fáctica a ter en conta para resolver a cuestión é si os funcionarios en prácticas realizaron as prácticas desenvolvendo ou non o posto de traballo, xa que logo si este feito se producira, é dicir, si os funcionarios en prácticas desenvolveron funcións idénticas ás realizadas polos outros funcionarios do servizo, entendo que procedería estimar a solicitude. O que resultaría contraditorio é que a Administración recoñecera a un funcionario capacidade ou actitude suficiente para o desenvolvemento dun determinado postos de traballo e, simultaneamente, lle negara os dereitos retributivos económicos inherentes ou vinculados a ese mesmo posto, podendo incluso neste suposto, chegar a producir un resultado difícil de xustificar dende a perspectiva do principio de igualdade ao supoñer dar un diferente trato retributivo aos que desenvolven iguais cometidos e xerar unha situación de diferenza retributiva a pesar de que o cometido funcional estivera referido a idénticas actividades e funcións.

Neste caso a pesar de que non temos un nomeamento oficial, nin unha orde por escrito de que os solicitantes desenvolvan as funcións, xa non como funcionarios en prácticas, se non como o resto dos funcionarios do servizo, desenvolvendo as funcións propias do posto de traballo; si temos un recoñecemento por parte do Oficial de Recursos e o Intendente xefe da Policía Local no senso de que os funcionarios funcionarios nº persoal 76473 e nº persoal 18388, “llevan realizando exactamente las mismas funciones propias del puesto de INSPECTOR PRINCIPAL desde el mes de enero de 2017”. Así as cousas isto implica unha orde por vía dos feitos por parte dun superior que habilitaría ao desenvolvemento das funcións por parte dos solicitantes (funcionarios nº persoal 76473 e nº persoal 18388), funcións por outra parte, que non parecen ocasionais nin discontinuas, se non que levan desenvolvéndose dende xaneiro de 2017, coincidindo co período reclamado polos solicitantes.

En consecuencia, procede estimar as solicitudes presentadas polos funcionarios municipais nº persoal 76473 e 18388 (documentos nº 170165344 e 170179383), acordando o dereito dos mesmos a percibir o abono das diferenzas retributivas entre os postos de Inspector e Inspector Principal efectivamente desenvolvido -retribucións complementarias (CD-CE)-, dende o 01/01/2017 ata o 01/04/2018.

En canto a contía que correspondería satisfacer por aplicación do apartado segundo do artigo 1º de RD 456/1986 (el importe anterior se incrementará en las retribuciones complementarias correspondientes a dicho puesto), e segundo consta no informe de data 27/06/2018 da Técnica de Formación e Avaliación anexo ao expediente, “as diferenzas retributivas entre o posto de Inspector e o de Inspector Principal, dende o 1/1/2017 ata o 1/04/2018 ascendería a cantidade unitaria de 4.067,24 €, supoñendo un total de 8.134,48 €.”

V.- RÉXIME COMPETENCIAL E PROPOSTA DE ACORDO

De conformidade coas competencias recollidas no artigo 127.1, apartado h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, corresponde á Xunta de Goberno Local a competencia para a xestión do persoal e para o exercicio daquelas competencias que en materia de persoal non estean expresamente atribuídas a outro órgano municipal.

Por tanto, e coa conformidade do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal (Decreto da Excm. Alcaldía de data 19/06/2015 e Acordo da XGL de 19/06/2015) elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO.- Estimar a solicitude presentada polo funcionario municipal nº persoal 18388 (nº doc 170179383), e o funcionario municipal nº persoal 76473 (nº doc 170165344), acordando o dereito dos mesmos a percibir o abono das diferencias retributivas entre os postos de Inspector e Inspector Principal efectivamente desenvolvido -retribucións complementarias (CD-CE)-, dende o 01/01/2017.

SEGUNDO.- En consecuencia acordar o abono polo concepto indicado da cantidade de 4.067,24 €, a cada un dos funcionarios de carreira solicitantes (nº persoal 18388 e 76473), supoñendo un total de 8.134,48 €.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo aos solicitantes, ao Intendente Xefe da Policía Local e ao Concelleiro-delegado de Seguridade e Mobilidade aos efectos de reorientación do servizo, a Intervención xeral, ao persoal técnico de Recursos Humanos e Formación.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto na Lei 36/2011, de 10 de outubro, Reguladora da Xurisdición Social .

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás dez horas e vintecinco minutos. Como secretaria dou fe.

ME/mm.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
M^a Isaura Abelairas Rodríguez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez.